

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

- 14804** *Real decreto 1339/2018, do 29 de outubro, polo que se desenvolve o Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, polo que se establecen disposicións de seguridade na investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño.*

I

O Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, polo que se establecen disposicións de seguridade na investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño, traspuxo parcialmente ao ordenamento interno a Directiva 2013/30/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xuño de 2013, sobre a seguridade das operacións relativas ao petróleo e ao gas en mar aberto, e que modifica a Directiva 2005/35/CE (en diante, Directiva *Offshore*).

A Directiva *Offshore* aprobouse coa finalidade de reducir na medida do posible a frecuencia dos accidentes graves conexos con operacións relacionadas co petróleo e o gas en mar aberto e limitar as súas consecuencias, así como de mellorar os mecanismos de resposta en caso de accidente, aumentando así a protección do medio mariño e das economías costeiras fronte á contaminación, establecendo condicións de seguridade mínimas para a investigación e a explotación do petróleo e do gas e limitando as posibles perturbacións da produción enerxética autóctona da Unión.

Até este momento a Unión Europea carecía dunha lexislación específica relativa á seguridade nas operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño. A Directiva *Offshore*, de natureza técnica, exhaustiva no seu contido e de grande amplitude, pretendía cubrir determinadas áreas de mellora derivadas do dereito da Unión Europea, complementando principalmente algunhas normas en materias tales como responsabilidade ambiental, avaliación de impacto ambiental, lexislación sobre residuos, seguridade e saúde dos traballadores no lugar de traballo, accidentes graves, réxime de comunicación de operacións, deseño e desmantelamento de instalacións e a actuación ante unha emerxencia.

O Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, ten como finalidade a transposición dos aspectos esenciais desta directiva; porén, dado o seu carácter técnico, o contido concreto relativo a, entre outros, os informes sobre riscos graves, os plans internos e externos de emerxencia, a política corporativa, o sistema de xestión da seguridade e o ambiente e os procedementos de comunicación e autorización requirían dun desenvolvemento regulamentario posterior.

De conformidade co disposto no artigo 86.2 da Constitución, o Congreso dos Deputados, na súa sesión do día 30 de novembro de 2017, acordou validar o Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, polo que se establecen disposicións de seguridade na investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño, acordo que foi publicado no «Boletín Oficial del Estado» número 302, do 13 de decembro de 2017, para xeral coñecemento.

Neste sentido, o número dous da disposición derradeira cuarta do referido Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, establece que no prazo máximo de tres meses desde a validación do dito real decreto lei o Goberno, por proposta do daquela titular do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, aprobará un real decreto que desenvolva o disposto nel.

Mediante este real decreto complétase a transposición da Directiva *Offshore* ao ordenamento interno.

II

Neste real decreto incorpóranse todas as definicións da Directiva *Offshore*, ben que hai termos que se adaptaron a aqueles que veñen sendo amplamente utilizados no ordenamento interno. De especial relevancia é o termo de exploración utilizado na Directiva *Offshore* que, de acordo coa súa definición, outorga un dereito exclusivo para efectuar prospeccións ou exploracións ou producir hidrocarburos nunha zona xeográfica concreta. Dado que a figura da autorización de exploración no noso ordenamento xurídico non outorga un dereito exclusivo nin habilita o titular para perforación de sondaxes, emprégase no seu lugar o termo investigación.

Así mesmo, inclúense requisitos que reforzan os previstos no artigo 8 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, no relativo á avaliación da capacidade técnica e financeira daquelas sociedades mercantís que pretendan ser titulares de permisos de investigación e concesións de explotación de hidrocarburos no medio mariño. Entre os aspectos que se valoran inclúense o risco, os perigos e calquera outra información útil asociada á zona obxecto do outorgamento, así como a posible afección a espazos pertencentes á Rede Natura 2000. Igualmente, tomaranse en consideración a fase precisa das operacións, as capacidades financeiras do solicitante e a información que estea dispoñible en relación co comportamento previo dos titulares en materia de seguridade e ambiente.

Resulta especialmente relevante a obrigaación do operador no medio mariño de constituír unha garantía, adicional á prevista no artigo 21 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, suficiente para cubrir as responsabilidades ambientais que puidesen derivar da súa actividade no medio mariño, englobando tanto as medidas de prevención como as de evitación e reparación. Establécese que o importe máximo desta garantía será de 20 millóns de euros; poderá, en casos excepcionais debidamente xustificadas, ser única para varios dos títulos demaniais dos cales sexa operador no medio mariño. O seu importe será aquel cuxo valor sexa o máis elevado dos resultantes do cálculo individual para cada un dos títulos demaniais. Non obstante, en caso de que a Autoridade Competente para a Seguridade das Operacións Mariñas (ACSOM, en diante) considere insuficiente o importe desta garantía, poderá requirir motivadamente o seu incremento, superando o importe máximo citado.

Por outro lado, establécese unha serie de principios para a xestión de riscos relativos ás operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño, entre os cales cabe destacar a obrigaación do operador no medio mariño, ou propietario, se for o caso, de adoptar as medidas adecuadas para impedir ou limitar as consecuencias dun accidente sen necesidade de autorización previa da ACSOM. Perséguese con esta medida impedir ou limitar as consecuencias da materialización deste risco.

Sen prexuízo do anterior, tanto a ACSOM como a autoridade marítima competente deberán ser informadas, en caso de risco grave, coa maior brevidade posible, e nunca nun prazo superior a 24 horas. Estas comunicacións deberán realizarse a través dos medios descritos no artigo 19, así como a través de calquera outro medio, preferiblemente informático, que teñan á súa disposición a ACSOM ou o resto de autoridades con competencias na materia.

Por outro lado, neste real decreto desenvólvense os requisitos de remisión de información por parte do operador no medio mariño ou o propietario, se for o caso, que xa foran definidos no Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro. O documento máis relevante que estes terán que remitir á ACSOM é o informe sobre os riscos de accidentes graves. Este informe foi concibido no Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, como un documento dinámico que garante a redución dos riscos a un nivel aceptable tomando como referencia as mellores técnicas dispoñibles en cada momento. Formarán parte deste informe a política de prevención de accidentes graves, o sistema da seguridade e o ambiente, o programa de verificación independente e o plan interno de emerxencia.

A política de prevención eríxese como un documento escrito esencial cuxa función principal será a de instaurar e manter unha sólida cultura de seguridade, facendo partícipes tanto os traballadores como os membros do Consello de administración e os altos directivos da empresa.

No que se refire ao sistema de xestión da seguridade, deberá formar parte do sistema de xestión xeral do operador no medio mariño, ou propietario, se for o caso, e incluírá, entre outros documentos, a estrutura organizativa, as funcións e as responsabilidades do persoal. Así mesmo, deberán describirse os recursos que permitan definir e aplicar a política corporativa de prevención de accidentes graves.

Por outro lado, dada a complexidade das operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño, o informe sobre os riscos de accidentes graves deberá incluír o programa de verificación independente dos elementos críticos para a seguridade e o ambiente durante todo o ciclo de vida da instalación. Para isto establécese, tanto no artigo 13 como no anexo V, os criterios e condicións que debe cumprir o verificador independente.

No que se refire ao plan interno de emerxencia, deberá incluír todas as medidas dirixidas a previr o agravamento ou a limitar as consecuencias dun accidente grave relativo ás actividades relacionadas coas operacións no medio mariño. Este plan definirá a organización e o conxunto de medios e procedementos de actuación, co fin de previr os accidentes de calquera tipo e, se for o caso, limitar os seus efectos. Así mesmo, deberá ser coherente co plan externo de emerxencia, elaborado polo Ministerio de Fomento e descrito no artigo 16 deste real decreto, que terá como finalidade a descrición das medidas que se van adoptar para conseguir un nivel adecuado de compatibilidade e interoperabilidade entre os equipamentos de resposta.

Cabe destacar que en ningún caso e poderán iniciar ou continuar operacións relativas ás instalacións destinadas e non destinadas á produción, levar a cabo modificacións nelas ou proceder ao seu desmantelamento mentres a ACSOM non aceptase o informe sobre riscos de accidentes graves ou a modificación deste, segundo proceda.

III

O artigo 10 deste real decreto establece o réxime de autorización a que estarán sometidas as operacións relacionadas co petróleo e o gas no medio mariño asociadas a un permiso de investigación ou a unha concesión de explotación de hidrocarburos no medio mariño. Deste modo, requirirase autorización cando así o estableza a normativa vixente ou cando estean suxeitas a avaliación de impacto ambiental de acordo coa normativa ambiental de aplicación. Nestes casos será necesaria autorización administrativa da ACSOM para poder executalas e na súa solicitude o operador no medio mariño, ou propietario, se for o caso, deberá incluír aquela información e documentos requiridos de maneira xeral pola lexislación de hidrocarburos. Non obstante, aqueles traballos que teñan a consideración de actividades libres de acordo co artigo 13 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, e co artigo 12.1 do Real decreto 2362/1976, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei sobre investigación e exploración de hidrocarburos, do 27 de xuño de 1974, estarán exentos.

Os artigos 7.3, 7.4, 9.5, 11 e 12 establecen que será necesario realizar unha comunicación á ACSOM no caso de operacións de pozo e de operacións combinadas. Así mesmo, deberá enviarse, con tres meses de antelación á data prevista da presentación do informe sobre riscos de accidentes graves, unha comunicación do deseño das instalacións, de acordo co anexo I, parte 1, que deberá ser avaliada por un verificador independente. No suposto de que unha instalación vaia ser trasladada a unha nova localización tamén será necesario remitir unha comunicación de relocalización que cumpra cos requisitos descritos no anexo I parte 1.

Tanto a Directiva *Offshore* como o Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, prevén que a figura do verificador independente poida ser unha entidade ou parte organizativa do operador no medio mariño, ou do propietario se for o caso, que non estea controlada nin baixo a influencia da entidade ou parte organizativa desta que está suxeita

á verificación. Non obstante, en prol de velar pola seguridade e a total independencia do verificador independente, especificase neste real decreto que a figura do verificador responderá a un terceiro independente, alleo ao titular e ao operador no medio mariño ou propietario, e que en todo caso deberá cumprir os criterios descritos no anexo V. Por último, establécese que os resultados desta verificación se entenderán sen prexuízo da responsabilidade do operador no medio mariño ou do propietario en relación co funcionamento correcto e seguro dos equipamentos e sistemas suxeitos á verificación.

IV

No que respecta ás inspeccións das instalacións afectadas por este real decreto, introdúcense criterios máis estritos co fin de asegurar o cumprimento das normas de seguridade, así como unha implantación efectiva das medidas de control consideradas. Para isto a ACSOM, xunto co Ministerio de Fomento, no ámbito das súas competencias, elaborarán plans anuais de supervisión das instalacións, facendo fincapé naquelas actividades que impliquen riscos de accidentes graves, para o que se deberá prestar unha especial atención ao descrito nos documentos presentados polo operador no medio mariño ou propietario, se for o caso e, en particular, no informe sobre os riscos de accidente grave.

Con este real decreto poténcianse os mecanismos para a recompilación de información, o seu intercambio entre as autoridades competentes e a Comisión Europea e a súa difusión e posta á disposición do público. Concretamente, hai que destacar o formato común para a comunicación de accidentes establecido polo Regulamento de execución (UE) n.º 1112/2014 da Comisión, do 13 de outubro de 2014, polo que se determina un modelo común para o intercambio de información sobre indicadores de accidentes graves por parte dos operadores no medio mariño e propietarios de instalacións relativas ao petróleo e ao gas en mar aberto e un modelo común para a publicación da información sobre os indicadores de accidentes graves por parte dos Estados membros.

En canto á investigación de accidentes, a ACSOM cooperará coa Comisión Permanente de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos, adscrita ao Ministerio de Fomento, que na actualidade é o encargado da investigación dos accidentes e incidentes marítimos, sempre e cando estes fosen provocados por operacións relacionadas cos hidrocarburos no medio mariño. Neste sentido, cabe destacar o contido da disposición derradeira terceira, que modifica o Real decreto 800/2011, do 10 de xuño, polo que se regula a investigación dos accidentes e incidentes marítimos e a Comisión Permanente de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos, co obxecto de ampliar as súas competencias de investigación ás instalacións fixas ou sen propulsión mecánica no mar para a investigación ou explotación de hidrocarburos.

O artigo 21 deste real decreto prevé a habilitación dun mecanismo para a comunicación confidencial de situacións que afecten a seguridade e o ambiente en relación coas operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño, preservando o anonimato das persoas que denunciase tales situacións. Os operadores no medio mariño ou os propietarios, se for o caso, deberán informar os seus empregados, contratistas e empregados destes da existencia deste mecanismo para fomentar deste modo a seguridade nas súas actividades.

Para o intercambio regular de coñecementos, información e experiencia na Unión Europea, a ACSOM formará parte do Grupo de Autoridades da Unión Europea para as actividades en mar aberto do sector do petróleo e o gas (EUOAG).

V

Na disposición adicional única deste real decreto dáse un mandato ao Goberno para crear a ACSOM antes do 1 xaneiro de 2020. Cabe destacar que se prevé que a futura ACSOM poida subscribir acordos formais para a provisión de coñecementos técnicos especializados, así como o seu financiamento mediante a creación de taxas.

Até o momento da súa constitución definitiva continuará sendo de aplicación a disposición adicional única do Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, en particular, a previsión relativa a que «se habilitarán os mecanismos adecuados para evitar conflitos de interese entre o exercicio das funcións definidas no capítulo IV deste real decreto lei e as decisións relativas ao outorgamento de permisos de investigación e concesións de explotación no medio mariño, así como calquera outra relativa ao desenvolvemento económico dos recursos naturais en mar aberto».

O real decreto continúa cunha disposición transitoria primeira que establece que os titulares e operadores, tanto de concesións de explotación e de almacenamentos subterráneos como de permisos de investigación, así como os proxectos asociados a eles e as instalacións actuais, deberán cumprir co disposto neste real decreto nun prazo de seis meses desde a súa data de entrada en vigor. Así mesmo, establécese que deberán acreditar a constitución dunha garantía financeira para cubrir as súas responsabilidades ambientais, de acordo co establecido no artigo 4 deste real decreto. Por outra parte, establece que será considerado operador no medio mariño, para os efectos do disposto neste real decreto e no real decreto lei que desenvolve, aquel que fose designado como operador en virtude do artigo 8.3 da Lei 34/1998, do 7 de outubro.

A disposición transitoria segunda establece, en relación con todos aqueles expedientes en tramitación, xa sexan solicitudes de permisos, concesións ou traballos concretos, que, na data de entrada en vigor deste real decreto deberá adaptarse a súa solicitude ao previsto nel.

Por outra parte, a disposición derradeira cuarta habilita o Ministerio para a Transición Ecolóxica para actualizar e modificar o contido técnico dos anexos deste real decreto de acordo co progreso científico e técnico, ou para a súa adaptación aos convenios ou acordos internacionais dos cales o Reino de España sexa parte ou ás normas da Unión Europea.

VI

De acordo co establecido no artigo 26.6 da citada Lei 50/1997, do 27 de novembro, o proxecto de real decreto foi sometido ao trámite de audiencia e información pública na sede electrónica do daquela Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital. Así mesmo, con data do 15 de marzo de 2018 solicitouse someter o proxecto de real decreto á consulta do Consello Asesor de Ambiente, que en aplicación do artigo 13 do seu regulamento de funcionamento, remitiu o proxecto de real decreto a todos os membros do Consello o 3 de abril de 2018, coa finalidade de que estes puidesen formular observacións.

De acordo co previsto no artigo 23 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, e en atención ao atraso acumulado na transposición da Directiva *Offshore*, a entrada en vigor deste real decreto producirase o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Este real decreto adecúase aos principios de boa regulación de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, eficiencia, e estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Así, na súa aprobación concorren razóns de interese público, como é a transposición ao ordenamento interno dunha directiva comunitaria, estando os fins perseguidos identificados claramente. Por outra parte, o seu contido é o necesario para completar a transposición da Directiva *Offshore* ao ordenamento interno, mantendo a coherencia co resto do ordenamento xurídico.

O artigo 132 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que, anualmente, as administracións públicas farán público un plan normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte. Este real decreto, que está incluído no Plan anual normativo para 2018, foi seleccionado para a súa avaliación «*ex post*», tal e como se prevé no artigo 3 do Real decreto 286/2017, do 24 de marzo, polo que se regulan o Plan anual normativo e o Informe anual de avaliación normativa da Administración xeral do Estado e se crea a Xunta de Planificación e Avaliación Normativa.

Na súa virtude, por proposta da ministra para a Transición Ecolóxica, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, oído o Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de outubro de 2018,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Mediante este real decreto desenvólvense os requisitos que deben reunir as operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño para previr accidentes graves e limitar as súas consecuencias, con obxecto de alcanzar un alto grao de protección para as persoas, os bens e o ambiente.

2. Por outro lado, establécese o réxime de comunicación e autorización das operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño por parte da Autoridade Competente para a Seguridade das Operacións Mariñas en materia de hidrocarburos (ACSOM, en diante).

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

1) «Accidente grave»: en relación cunha instalación ou cunha infraestrutura conectada:

a) un incidente que implique unha explosión, incendio, perda do control dun pozo ou derramamentos de hidrocarburos ou substancias perigosas que comporte ou teña posibilidades significativas de provocar mortes ou lesións persoais graves;

b) un incidente que cause danos severos á instalación ou infraestrutura conectada, que comporte ou teña posibilidades significativas de provocar mortes ou lesións persoais graves;

c) calquera outro incidente que dea lugar a que falezan ou resulten gravemente feridas ao menos cinco persoas que estean na instalación orixe da fonte de perigo, ou que estean involucradas nunha operación relacionada con esa instalación ou coa infraestrutura conectada;

d) calquera accidente ambiental grave derivado dos feitos a que se refiren as letras a), b) e c). Entenderase por accidente ambiental grave un accidente que deu lugar ou que pode dar lugar a efectos adversos significativos no ambiente, de conformidade coa Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.

Para efectos de determinar se un feito constitúe un accidente grave en virtude das letras a), b) e d), unha instalación que non teña normalmente persoal, segundo se define no número 16) deste artigo, tratarase como se o tivese.

2) «Aceptable»: en relación cun risco, un nivel de risco con respecto ao cal o tempo, o custo ou o esforzo necesarios para continuar coa súa redución sexan claramente desproporcionados en comparación cos beneficios de tal redución. Á hora de valorar se o tempo, o custo e o esforzo gardan unha excesiva desproporción con respecto aos beneficios de continuar a redución do risco, teranse en conta os niveis de risco das mellores prácticas compatibles coa operación.

3) «Aceptación»: en relación co informe sobre riscos graves, a comunicación por escrito da ACSOM ao operador no medio mariño ou, se for o caso, ao propietario, de que o dito informe cumpre os requisitos establecidos neste real decreto. Esta aceptación non suporá en ningún suposto o traspaso da responsabilidade á ACSOM.

4) «Adecuado»: correcto ou que responde plenamente, tamén desde o punto de vista da proporcionalidade de esforzo e custo, a un requisito ou unha situación dada e está baseado en probas obxectivas e demostradas mediante unha análise, unha comparación coas referencias pertinentes ou outras solucións ás que recorreron outras autoridades ou industrias en situacións comparables.

5) «Consulta tripartita»: un acordo formal que permite o diálogo e a cooperación entre a ACSOM, os operadores no medio mariño e propietarios, e os representantes dos traballadores.

6) «Contratista»: toda entidade contratada polo operador no medio mariño ou polo propietario, se for o caso, para desempeñar funcións particulares en nome destes.

7) «Eficacia da resposta ante derramamentos de petróleo»: a eficacia dos sistemas de resposta ante derramamentos á hora de reaccionar fronte a un derramamento de petróleo, sobre a base da análise da frecuencia, a duración e o momento en que se producen as condicións ambientais que imposibiliten unha intervención. A avaliación da eficacia da resposta ante derramamentos de petróleo exprésase como porcentaxe de tempo en que as ditas condicións non estean presentes e incluírá unha descrición das limitacións de funcionamento que presenten as instalacións afectadas como resultado da dita avaliación.

8) «Elementos críticos para a seguridade e o ambiente»: as partes dunha instalación, incluídos os programas informáticos, cuxo fin sexa impedir ou limitar as consecuencias dun accidente grave, ou cuxo fallo podería causar ou contribuír substancialmente a causar un accidente grave.

9) «Entidade»: toda persoa física ou xurídica ou agrupación desas persoas.

10) «Industria»: as entidades que participan directamente nas operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño ou cuxas actividades están estreitamente ligadas a estas.

11) «Infraestrutura conectada»: dentro da zona de seguridade ou dentro dunha zona próxima a maior distancia da instalación:

1. todo pozo e estruturas asociadas, unidades e dispositivos complementarios conectados á instalación no medio mariño,
2. todo equipamento ou obras situadas sobre ou fixadas á estrutura principal da instalación, e
3. un oleoduto, gasoduto ou equipamento acaroado á instalación.

12) «Inicio das operacións»: o momento en que a instalación ou as infraestruturas conectadas participan por primeira vez nas operacións para as cales foron concibidas.

13) «Instalación»: unha estrutura estacionaria fixa ou móbil, ou unha combinación de estruturas permanentemente interconectadas por pontes ou outras estruturas, utilizadas para operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño ou en conexión con estas operacións; isto incluírá as unidades móbiles de perforación no medio mariño soamente cando estean estacionadas en augas situadas no medio mariño para efectos de perforación, produción ou outras actividades asociadas con operacións no medio mariño.

14) «Instalación destinada á produción»: toda instalación utilizada na produción.

15) «Instalación non destinada á produción»: toda instalación excepto as destinadas á produción de petróleo e de gas.

16) «Instalación normalmente desatendida»: instalación situada no medio mariño deseñada principalmente para ser operada en remoto a través de procesos automatizados e sen a presenza de persoal.

17) «Investigación»: a perforación nun obxectivo exploratorio, así como todas as operacións pertinentes relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño que sexan necesarias antes de iniciarse as operacións de produción.

18) «Medio mariño»: comprenderá as augas interiores, o mar territorial, a zona económica exclusiva e a plataforma continental, incluídos o leito e o seu subsolo, sobre os

cales o Reino de España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición conforme os tratados internacionais e a lexislación vixente.

19) «Modificación substancial»:

a) No caso dos informes sobre os riscos graves, e de acordo co disposto no artigo 7.5 do Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, unha modificación da base sobre a cal se aceptou o informe orixinal, incluídos, entre outras cousas, as modificacións físicas, a dispoñibilidade de coñecemento ou tecnoloxía novos e os cambios na xestión operativa, e

b) no caso das comunicacións de operación dun pozo ou das operacións combinadas, unha modificación da base sobre a cal se aceptou a comunicación orixinal, incluídos, entre outras cousas, as modificacións físicas, a substitución dunha instalación por outra, a dispoñibilidade de coñecemento ou tecnoloxía novos e os cambios na xestión operativa.

20) «Operación combinada»: unha operación realizada a partir dunha instalación conxuntamente cunha ou con outras instalacións con fins relativos a estas outras instalacións e que, por tanto, afecte sensiblemente o risco para a seguridade das persoas ou a protección do ambiente nalgunha ou en todas as instalacións.

21) «Operación nun pozo»: calquera operación que afecte un pozo e que poida provocar derramamentos accidentais que poidan ocasionar un accidente grave, incluídos a perforación, reparación, modificación, suspensión ou o abandono dun pozo no marco de operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño.

22) «Operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño»: incluírán todas as actividades relativas á investigación e produción de petróleo ou gas asociadas a unha instalación ou unha infraestrutura conectada, incluídos o deseño, a planificación, a construción, a explotación, o desmantelamento e o seu abandono definitivo, excluído o transporte de hidrocarburos de costa a costa.

23) «Operador no medio mariño»: a persoa xurídica ou agrupación desas persoas, designada polos titulares para levar a cabo operacións, incluídos a planificación e execución dunha operación nun pozo ou a xestión e o control das funcións dunha instalación de produción. Adicionalmente ao anterior, o operador no medio mariño realizará as funcións previstas no artigo 8.3 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

24) «Plan externo de emerxencia»: a estratexia nacional prevista para previr o agravamento ou limitar as consecuencias dun accidente grave relativo ás operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño, mobilizando todos os recursos á disposición do operador no medio mariño descritos nos plans internos de emerxencia, así como calquera medio adicional que os distintos organismos competentes en materia de seguridade ambiental e marítima e de vixilancia do espazo marítimo teñan á súa disposición.

25) «Plan interno de emerxencia»: documento preparado polos operadores no medio mariño ou, se for o caso, polos propietarios, de conformidade cos requisitos dese real decreto lei e a súa normativa de desenvolvemento, que reflectirá as medidas dirixidas a previr o agravamento ou a limitar as consecuencias dun accidente grave relativo ás actividades relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño.

26) «Produción»: a extracción ou explotación, no medio mariño, de hidrocarburos situados nos estratos subterráneos da zona obxecto do título demanial en cuestión, o que comprende o tratamento dos hidrocarburos no medio mariño e o seu transporte a través dunha infraestrutura conectada.

27) «Propietario»: a persoa física ou xurídica ou a agrupación desas persoas habilitada para controlar a operación dunha instalación non destinada á produción de hidrocarburos.

28) «Público»: unha ou varias entidades e, de conformidade co dereito ou a práctica nacional, as súas asociacións, organizacións ou grupos.

29) «Risco»: a combinación da probabilidade dun suceso e das súas consecuencias.

30) «Risco grave»: calquera situación que potencialmente poida ocasionar un accidente grave.

31) «Verificación independente»: consistirá na avaliación e a confirmación da validez dunha declaración escrita dada por unha entidade que non estea controlada nin baixo a influencia da entidade ou parte organizativa que utilice as declaracións.

32) «Zona de seguridade»: área situada dentro dunha distancia de 500 metros desde calquera punto da instalación.

CAPÍTULO II

Disposicións relativas a permisos de investigación e concesións de explotación de hidrocarburos no medio mariño

Artigo 3. *Requisitos para o outorgamento ou a transmisión de permisos de investigación e concesións de explotación no medio mariño.*

1. Durante a avaliación da capacidade técnica e financeira do solicitante dun permiso de investigación ou dunha concesión de explotación valoraranse os seguintes aspectos:

a) o risco, os perigos e calquera outra información útil asociada á zona obxecto do outorgamento en cuestión, inclusive, cando proceda, o custo económico, social e ambiental que supón a deterioración do medio mariño. En particular, valorarase a posible afección a espazos pertencentes á Rede Natura 2000, ou a ecosistemas que desempeñen un papel importante na mitigación e adaptación ao cambio climático ou con algún réxime de protección ambiental. Para os efectos oportunos, poderá solicitarse informe á Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar, á Dirección Xeral de Mariña Mercante, á Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros e, se procede, a outros órganos estatais ou autonómicos,

b) a fase precisa das operacións no medio mariño,

c) as capacidades financeiras do solicitante, en particular, a súa garantía financeira para asumir as responsabilidades que poidan derivar das operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño. Neste sentido, deberá identificarse expresamente a entidade responsable para estes efectos, debendo proporcionar, debidamente cuberta, a declaración responsable incluída no anexo X deste real decreto, e

d) a información de que se dispoña relativa ao comportamento previo do solicitante e do grupo empresarial en que se integra, polo que respecta á seguridade e o ambiente, mesmo en relación con accidentes graves, na medida en que resulte adecuado ás operacións para as cales se solicitase o título demanial.

No caso de titularidade compartida, a capacidade técnica e financeira estará referida ao conxunto dos partícipes, sen que sexa exixible a cada un deles individualmente sen prexuízo de que ao menos un deles deba estar capacitado para asumir as funcións atribuídas ao operador no medio mariño. Esta condición deberase manter durante toda a vixencia do título demanial.

2. A ACSOM poderá, se for o caso, ser consultada antes do outorgamento ou da transmisión dun permiso de investigación ou dunha concesión de explotación no medio mariño, en relación coa capacidade técnica e financeira dos solicitantes, así como respecto de calquera outra información que poida ser relevante para o outorgamento ou transmisión.

No prazo de quince días, a ACSOM deberá pronunciarse en sentido favorable ou desfavorable. Entenderase que, en caso de non facelo, non presenta obxeccións, polo que se poderá continuar coa tramitación. Se o seu pronunciamento for desfavorable, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas resolverá denegando a solicitude e notificándollo aos interesados.

3. O solicitante deberá propor un operador no medio mariño como parte dos requisitos para o outorgamento ou a transmisión do título demanial. Deberase valorar a

capacidade do operador no medio mariño proposto para levar a cabo as operacións de maneira segura e eficaz en todas as circunstancias previsibles.

No caso de que a solicitude recolla a titularidade compartida de permisos de investigación ou de concesións de explotación, o conxunto de titulares deberá designar un deles como operador no medio mariño, sen prexuízo da súa responsabilidade solidaria fronte á Administración por todas as obrigacións que deles deriven.

Excepcionalmente e por causa debidamente xustificada a xuízo da Administración, poderase propor un operador no medio mariño diferente do titular ou titulares do título demanial.

4. Previamente á elevación da proposta ao órgano competente para o outorgamento ou a transmisión do título demanial correspondente, se for o caso, a ACSOM poderá ser consultada e, en caso de considerar que o operador no medio mariño proposto non reúne as condicións para levar a cabo a súa actividade de maneira segura para as persoas, os bens e o ambiente, poderá oporse ao seu nomeamento.

En caso de formularse a dita oposición, o titular deberá nomear un operador no medio mariño substituto adecuado, ou ben deberá facerse cargo das responsabilidades do dito operador, en virtude do disposto no Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, e neste real decreto. No caso de nomearse un novo operador no medio mariño, volverase avaliar a capacidade do operador no medio mariño suplente proposto para levar a cabo as operacións de maneira segura e eficaz en todas as circunstancias previsibles.

Se, no prazo de dous meses, a ACSOM non se pronuncia expresamente sobre a aptitude do operador no medio mariño proposto polo titular do título demanial correspondente, entenderase que esta non presenta obxeccións ao seu nomeamento.

Artigo 4. *Garantía de responsabilidade ambiental.*

1. Ademais do establecido na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, o solicitante deberá acreditar que o operador no medio mariño designado constituíu, ou se obrigou a constituír, unha garantía suficiente para cubrir as responsabilidades ambientais que puidesen derivar da execución das súas operacións, que incluírán tanto as medidas de prevención como as de evitación e reparación, entendendo como tales as definidas en artigo 2 da Lei 26/2007, do 23 de outubro.

2. A garantía que deba constituírse a favor da Administración actuante consistirá nalgunha das admitidas pola Caixa Xeral de Depósitos.

No caso de que se execute total ou parcialmente a garantía, o operador no medio mariño estará obrigado a repola dentro do prazo dun mes.

3. Excepcionalmente, en casos debidamente xustificadas a xuízo da Administración, cando o operador no medio mariño designado sexa operador no medio mariño doutros permisos de investigación ou concesións de explotación no medio mariño, a garantía para cubrir as responsabilidades ambientais poderá ser única para varios destes títulos demaniais, sen prexuízo, de ser o caso, da repartición interna do custo da garantía proporcional entre os distintos titulares. A contía desta será a máis alta das resultantes tras calcular a garantía que corresponda individualmente a cada un dos mencionados títulos demaniais, sendo o límite máximo da garantía financeira de 20 millóns de euros.

Para estes efectos, teranse en conta os criterios e metodoloxías establecidas na Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, e a súa normativa de desenvolvemento. Estas garantías deberán ser válidas e efectivas desde a data de inicio das operacións no medio mariño.

4. Sen prexuízo do anterior, no caso de que a ACSOM considerase insuficiente o importe da garantía así constituída, en función das operacións que vaian realizarse, poderá requirir motivadamente a súa ampliación no momento de autorizalas polo importe adicional que considere necesario, podendo superarse o límite establecido no número 3 deste artigo.

5. Nas fases iniciais que prevexan unicamente a realización de traballos de gabinete non será necesario acreditar a constitución desta garantía na medida en que os ditos traballos non impliquen riscos para os bens, as persoas ou o ambiente.

Artigo 5. *Substitución do operador no medio mariño designado.*

1. Ao longo de todas as fases das operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño, os titulares tomarán todas as medidas que estean razoablemente ao seu alcance para asegurar que o operador no medio mariño cumpre os requisitos, desempeña as súas funcións e cumpre as súas obrigacións, en virtude do disposto no Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, e neste real decreto.

2. Sen prexuízo do anterior, no caso de que a ACSOM considere que o operador no medio mariño inicialmente designado xa non ten a capacidade de cumprir os ditos requisitos, informará a autoridade responsable de tramitar os expedientes relativos ao outorgamento dos títulos demaniais. Esta notificáralle aos titulares do permiso de investigación ou da concesión de explotación, que deberán asumir, desde a data da notificación, a responsabilidade da realización das obrigacións ou operacións de que se trate e propor, sen demora e sen superar no prazo máximo de sete días naturais, un operador no medio mariño substituto.

No caso de ser proposto un operador no medio mariño substituto, deberase avaliar a súa capacidade para levar a cabo as operacións de acordo co establecido no artigo 3.2 deste real decreto.

3. De ser preciso, a ACSOM poderá deter ou impedir o restablecemento das operacións que se estivesen levando a cabo até o nomeamento dun operador no medio mariño con capacidade suficiente para cumprir coas súas obrigacións.

CAPÍTULO III

Principios da xestión de riscos relativos ás operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño

Artigo 6. *Obrigación de comunicación de situacións de risco.*

1. En caso de que a actividade que vaia realizar o operador no medio mariño ou o propietario, se for o caso, supoña un risco inmediato para a saúde humana ou para o ambiente, ou aumente significativamente o risco de accidente grave, estes deberán adoptar as medidas adecuadas para impedir ou limitar as consecuencias dun accidente sen necesidade de autorización previa da ACSOM ou do órgano con competencias na materia, procedendo mesmo á suspensión da actividade correspondente até que o perigo ou o risco fosen suficientemente controlados.

As situacións de risco e as medidas correspondentes deberán ser comunicadas polo operador no medio mariño ou o propietario, se for o caso, á ACSOM, á autoridade marítima competente e á autoridade portuaria, cando proceda, de maneira inmediata e polo medio máis rápido posible, nun prazo sempre inferior a 24 horas.

2. Os operadores no medio mariño deberán adoptar as medidas oportunas para recorrer a medios ou procedementos técnicos suficientes que permitan a fiabilidade da recompilación e o rexistro de datos das operacións e impidan a súa posible manipulación.

AACSOM poderá establecer prescricións comúns sobre tales medios e procedementos para garantir a súa efectividade.

Artigo 7. *Requisitos de remisión de información.*

1. O operador no medio mariño ou, se é o caso, o propietario, deberá presentar á ACSOM, nos termos e prazos determinados neste real decreto, os seguintes documentos:

- a) a política corporativa de prevención de accidentes graves ou unha descrición adecuada dela, de conformidade co artigo 14.2,
- b) o sistema de xestión da seguridade e do ambiente ou unha descrición adecuada deles de conformidade co artigo 14.3,
- c) no caso dunha instalación nova destinada á produción, unha comunicación do deseño, de conformidade cos requisitos establecidos no anexo I parte 1,

- d) unha descrición do programa de verificación independente, de conformidade co artigo 13 coa información que se especifica no anexo I, parte 5,
- e) un informe sobre riscos de accidentes graves conforme o artigo 8,
- f) no caso dunha modificación substancial, incluído o desmantelamento dunha instalación, un informe modificado dos riscos de accidentes graves de conformidade co artigo 8,
- g) o plan interno de emerxencia ou unha descrición adecuada del, de conformidade co artigo 9,
- h) no caso dunha operación relativa a un pozo, comunicación e información sobre operacións relacionadas co dito pozo, de conformidade co artigo 11,
- i) no caso dunha operación combinada, unha comunicación das operacións combinadas, que será preparada en común polos operadores no medio mariño e propietarios que participen nela, conforme o artigo 12,
- j) no caso dunha instalación existente destinada á produción que vaia ser trasladada a unha nova localización de produción, unha comunicación de relocalización, de conformidade cos requisitos establecidos no anexo I parte 1, e
- k) calquera outro documento pertinente que solicite a ACSOM.

2. Os documentos que deben presentarse en virtude do número 1, letras a), b), d) e g), incluíranse no informe sobre os riscos graves exixido en virtude do número 1, letra e). Na comunicación das operacións relativas a un pozo que deben presentarse en virtude do número 1, letra h), deberase incluír, sempre que non se presentase previamente, a política corporativa de prevención de accidentes graves do operador no medio mariño a que fai referencia o número 1, letra a).

3. A comunicación de deseño exixida conforme o número 1, letra c), será presentada á ACSOM ao menos tres meses antes da data prevista para a presentación do informe sobre os riscos de accidentes graves relativo á operación planificada. No prazo de tres meses, a ACSOM responderá realizando as observacións que considere oportunas. Estas observacións teranse en conta no informe sobre os riscos de accidentes graves.

A comunicación de deseño deberá incluír unha descrición dos programas de verificación independente e unha lista inicial dos elementos críticos para a seguridade e o ambiente e do rendemento que se espera deles.

4. A comunicación de relocalización exixida en virtude do número 1, letra j) deberá remitirse nunha fase suficientemente temperá do plan previsto para permitir ao operador no medio mariño ter en conta todos os aspectos postos de manifesto pola ACSOM durante a elaboración do informe sobre os riscos graves.

5. En caso de que se modifique substancialmente a comunicación de deseño ou relocalización antes da presentación do informe sobre os riscos graves, informarase o antes posible a ACSOM e poderanse realizar observacións nos termos do número 3 deste artigo.

Artigo 8. *Informe sobre riscos de accidentes graves.*

1. Os operadores no medio mariño, ou os propietarios, segundo proceda, elaborarán, para cada unha das súas instalacións, o informe sobre riscos de accidentes graves exixido en virtude da letra e) do artigo 7.1, que deberá ser presentado á ACSOM ao menos seis meses antes do inicio previsto das operacións. O informe deberá incluír a información descrita nas partes 2 ou 3, segundo proceda, do anexo I.

2. Durante a preparación do informe sobre riscos consultarase os representantes dos traballadores nas diferentes etapas correspondentes da súa preparación, ao longo da vida útil da instalación en cuestión; deberá presentarse proba ao respecto conforme o disposto na parte 2, punto 3 ou a parte 3, punto 2, segundo proceda, do anexo I.

3. Os informes de riscos de accidentes graves das instalacións deberán ser aceptados pola ACSOM. Esta aceptación non suporá, en ningún caso, o traspaso da responsabilidade á ACSOM.

Se a ACSOM considera necesario solicitar información adicional para a aceptación, se for o caso, do informe sobre riscos de accidentes graves, requiriralla ao operador no medio mariño, que deberá levar a cabo as modificacións pertinentes e presentará unha nova versión actualizada do dito informe.

Unha vez recibida a documentación solicitada, a ACSOM poderá solicitar informe aos distintos órganos ministeriais con competencias na materia, con obxecto de pronunciarse, se for o caso, sobre a aceptación do informe sobre os riscos de accidentes graves.

Transcorrido un mes desde a solicitude do informe correspondente, entenderase que os distintos órganos ministeriais implicados non teñen comentarios ao respecto.

4. En ningún caso se poderán iniciar ou continuar operacións relativas ás instalacións destinadas e non destinadas á produción, levar a cabo modificacións nelas ou proceder ao seu desmantelamento mentres a ACSOM non aceptase o correspondente informe sobre riscos de accidentes graves ou a súa modificación, segundo proceda.

No caso particular de operacións nos pozos ou de operacións combinadas, non deberán comezar nin continuar sen que se presentase unha comunicación das operacións á ACSOM nin tampouco se esta formulou obxeccións en canto ao seu contido.

5. Os informes de riscos de accidentes graves e aqueles documentos que os integran actualizáranse cando proceda ou cando sexa requirido pola ACSOM e, en todo caso, revisaranse ao menos cada cinco anos. Os resultados desta actualización ou revisión comunicaranse á ACSOM ao menos seis meses antes de que transcorresen cinco anos desde a última aceptación do informe sobre riscos de accidentes graves.

En caso de que vaian realizarse cambios que dean lugar a unha modificación substancial, ou se está previsto desmantelar unha instalación, en virtude do disposto no artigo 7.1.f), elaborárase un informe modificado sobre os riscos de accidentes graves, que deberá presentarse no prazo indicado no número primeiro deste artigo. Este informe modificado deberá conter, ao menos, o establecido na parte 6 do anexo I.

6. Os operadores no medio mariño e os propietarios deberán cumprir as medidas establecidas no informe sobre riscos de accidentes graves e na documentación que integre a comunicación de operacións.

Artigo 9. *Plan interno de emerxencia.*

1. O plan interno de emerxencia, que deberá incluír ao menos a información detallada no anexo I, parte 10, será aceptado pola ACSOM, oída, se for o caso, a autoridade portuaria, cando proceda, e logo de informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Mariña Mercante no relativo á seguridade marítima e á coordinación deste cos plans de continxencia a que fai referencia a normativa en materia de resposta ante a contaminación marítima. No seu contido terase en conta o último informe sobre riscos de accidentes graves. Deberá incluír unha análise da eficacia da resposta ante derramamentos de hidrocarburos e será executado de forma coherente co plan externo de emerxencia e co resto de plans nacionais desenvolvidos para facer fronte a un suceso de accidente grave, incluíndo a contaminación mariña.

2. O plan interno de emerxencia deberá actualizarse nos supostos previstos no artigo 8.4 do Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro. Para estes efectos, remitirase a versión actualizada á ACSOM e á autoridade portuaria cando proceda, e poderanse realizar as observacións oportunas, que deberán ser tidas en conta neste plan interno de emerxencia.

3. Os plans internos de emerxencia poranse en práctica sen dilación ningunha para responder ante calquera accidente grave ou situación con risco inmediato de accidente grave.

Artigo 10. *Autorización administrativa de execución de operacións para traballos asociados.*

1. A titularidade dun permiso de investigación ou dunha concesión de explotación de hidrocarburos no medio mariño non eximirá da obriga de obter a correspondente

autorización administrativa para a execución dos traballos asociados, respectivamente, ao seu plan de investigación ou plan xeral de explotación, cando así o estableza a normativa vixente ou cando estean suxeitos á avaliación de impacto ambiental de acordo coa normativa ambiental de aplicación. Exceptúanse da obrigação anterior aqueles traballos que teñan a consideración de actividades libres de acordo co artigo 13 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, e co artigo 12.1 do Real decreto 2362/1976, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei sobre investigación e exploración de hidrocarburos, do 27 de xuño de 1974.

2. Con carácter xeral, aquelas operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño que requiran autorización administrativa conforme o número primeiro deste artigo deberán ser autorizadas pola ACSOM; incluíranse na comunicación da dita operación aquela información e documentos requiridos pola lexislación de hidrocarburos. Previamente a esta autorización deberase contar, en caso de que así o exixa a normativa ambiental de aplicación, con informe de impacto ambiental ou declaración de impacto ambiental favorable.

No caso dos restantes procedementos que non requiran autorización conforme o número primeiro deste artigo, a ACSOM examinará a comunicación correspondente e, se o xulga necesario, antes do seu inicio adoptará as medidas adecuadas, que poderán incluír a prohibición de iniciais.

3. Previamente á autorización administrativa daqueles traballos que a requiran, conforme o número 1 deste artigo, solicitarase informe preceptivo ao Ministerio de Defensa.

4. Os restantes traballos que non impliquen operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño, nos termos deste real decreto, serán autorizados, se for o caso, pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, de acordo co disposto na lexislación de hidrocarburos.

Artigo 11. *Comunicación de operacións en pozos.*

1. O operador no medio mariño deberá elaborar e presentar ante a ACSOM a comunicación de operacións en pozos a que fai referencia o artigo 7.1.h) deste real decreto con, ao menos, seis meses de antelación ao inicio proxectado das operacións.

Este prazo non será de aplicación cando se leven a cabo operacións menores, incluídas as rutineiras exercidas no marco da produción, ou aquelas que non se poidan planificar con antelación, sempre e cando teñan por obxecto asegurar a continuidade da operación e controlar os riscos derivados dunha falta de intervención a tempo. Nestes casos, a intervención non poderá supor unha perforación de novas zonas ou unha alteración da arquitectura do pozo. Nestes supostos, a comunicación á ACSOM deberá ser realizada coa maior brevidade posible.

2. A comunicación de operacións en pozos deberá ter o contido detallado no anexo I, parte 4, deste real decreto, incluírase, así mesmo, unha análise da eficacia da resposta ante verteduras de petróleo. En caso de ser precisa autorización administrativa de acordo cos números 1 e 2 do artigo 10, deberase incorporar a documentación establecida na lexislación de hidrocarburos, en particular, o informe de implantación.

3. A ACSOM deberá ser informada inmediatamente de calquera modificación substancial das operacións en pozos, e incorporarse na dita comunicación unha actualización da información a que fai referencia o número 4.1.k) do anexo I. O programa de verificación do operador no medio mariño deberá recoller a intervención do verificador independente na planificación e preparación de tales modificacións substanciais.

4. O operador no medio mariño presentará informes de operación en pozo á ACSOM cunha periodicidade ao menos semanal, de conformidade cos requisitos do anexo II. O primeiro informe presentarase o día do inicio das operacións, co obxecto de realizar un seguimento das operacións que se estean levando a cabo. Estes informes poderanse integrar, se for o caso, nos informes periódicos exixidos pola lexislación de hidrocarburos.

Artigo 12. *Comunicación das operacións combinadas.*

1. Os operadores no medio mariño e os propietarios que participen nunha operación combinada deberán preparar en común a comunicación de operacións combinadas, conforme o disposto no artigo 7.1.i), co contido especificado no anexo I, parte 7, deste real decreto.

Esta comunicación será presentada á ACSOM polo operador no medio mariño afectado que acorden as partes, ao menos seis meses antes de que vaian ser executadas as ditas operacións. Deberase incluír constancia deste acordo formalizado por todas as partes na propia comunicación.

O anterior enténdese sen prexuízo de que as partes, entendendo como tales os operadores no medio mariño e os propietarios que participen nesa operación, respondan solidariamente en relación co contido e efectos da comunicación correspondente.

2. O operador no medio mariño designado para presentar a comunicación inicial das operacións combinadas deberá comunicar á ACSOM de maneira inmediata toda modificación substancial da comunicación presentada inicialmente, independentemente de que se produza antes ou despois do inicio das operacións. A ACSOM estudará esas modificacións e, se o considera necesario, tomará as medidas oportunas.

Artigo 13. *Verificación independente.*

1. O verificador independente será alleo ao titular e ao operador no medio mariño, ou propietario, se for o caso; non poderá ser a mesma sociedade, nin calquera outra que se integre no seu mesmo grupo empresarial e deberá cumprir a selección deste verificador os criterios enumerados no anexo V.

2. Os operadores no medio mariño e propietarios establecerán programas de verificación independente cos fins sinalados no artigo 9.2 do Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, conforme os requisitos establecidos no anexo V deste real decreto e describiranos. Deberá presentarse en virtude do artigo 7.1.d) deste real decreto e incluírse no sistema de xestión da seguridade e o ambiente que debe remitirse en virtude do artigo 7.1.b).

3. Os operadores no medio mariño e propietarios deberán:

a) aterse ao ditame do verificador independente e cumprir as súas indicacións tomando as medidas oportunas.

b) conservar a documentación asociada durante un período de seis meses, desde a terminación das operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño a que estean vinculadas.

c) pór á disposición da ACSOM o ditame recibido do verificador independente, así como as accións levadas a cabo en resposta ao dito ditame.

4. O programa de verificación deberá establecerse:

a) antes da finalización do deseño da instalación cando se trate de instalacións destinadas á produción.

b) antes do inicio das operacións no medio mariño no caso de instalacións non destinadas á produción.

5. Os resultados da verificación independente entenderanse sen prexuízo da responsabilidade do operador no medio mariño ou do propietario en relación co funcionamento correcto e seguro dos equipamentos e os sistemas suxeitos a verificación.

Artigo 14. *Prevención de accidentes graves por parte dos operadores no medio mariño e propietarios de instalacións.*

1. Os operadores no medio mariño e os propietarios de instalacións deberán elaborar un documento en que describirán a súa política corporativa en materia de prevención de accidentes graves e serán responsables de que a dita política sexa aplicada en todas as

súas operacións no medio mariño, tanto dentro como fóra da Unión Europea, en particular mediante o establecemento de mecanismos de seguimento apropiados orientados a garantir a súa eficacia. O documento incluírá a información que se especifica no anexo I, parte 8, e no anexo IV.

2. A política corporativa en materia de prevención de accidentes graves terá en conta a responsabilidade primaria dos operadores no medio mariño, entre outras cousas, no control dos riscos graves que resulten das súas operacións e na mellora continua do control dos ditos riscos, co fin de garantir un elevado nivel de protección para as persoas, os bens e o ambiente en todo momento.

A política corporativa de prevención de accidentes graves deberá:

- a) constar por escrito,
- b) indicar os obxectivos xerais e disposicións relativas ao control dos riscos de accidente grave,
- c) establecer como se alcanzarán os ditos obxectivos e como se porán en práctica estas disposicións a nivel corporativo, e
- d) aplicarse tanto nas súas instalacións de produción como naquelas non destinadas á produción, situadas fóra da Unión Europea.

3. Os operadores no medio mariño e os propietarios, se for o caso, deberán presentar á ACSOM o sistema de xestión para a seguridade e o ambiente, de conformidade co anexo I, parte 9, e no anexo IV, e incluír, ao menos, unha descrición:

- a) das disposicións organizativas para o control dos riscos graves,
- b) das disposicións adoptadas para a preparación e a presentación dos informes sobre os riscos graves e outros documentos, se for o caso, de conformidade con este real decreto, e
- c) dos programas de verificación independente.

Este sistema de xestión da seguridade e o ambiente:

- a) estará integrado no sistema de xestión xeral do operador no medio mariño ou do propietario, se for o caso, e
- b) incluírá a estrutura organizativa, as responsabilidades, as prácticas, os procedementos e os recursos que permitan definir e aplicar a política corporativa de prevención de accidentes graves.

4. Os operadores no medio mariño e os propietarios deberán preparar e manter un inventario completo dos equipamentos de resposta de emerxencia correspondentes ás súas operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño. Este inventario integrarase no plan interno de emerxencia e remitirase, xunto con este, antes do inicio das operacións, ao Ministerio de Fomento para a súa consideración no plan externo de emerxencia.

5. Os operadores no medio mariño e os propietarios deberán colaborar coa ACSOM e aqueles departamentos con competencias na materia na elaboración e revisión de normas e recomendacións relativas ás mellores prácticas en relación co control dos riscos de accidentes graves no medio mariño e a limitación das súas consecuencias durante todo o ciclo operativo de vida desde o deseño das operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño. En concreto, a cooperación entre as partes basearase, ao menos, no establecido no anexo VI.

CAPÍTULO IV

Autoridade Competente para a Seguridade das Operacións Mariñas

Artigo 15. *Funcionamento da Autoridade Competente para a Seguridade das Operacións Mariñas en materia de hidrocarburos.*

1. A Autoridade Competente para a Seguridade das Operacións Mariñas en materia de hidrocarburos:

- a) actuará con independencia respecto das medidas, decisións regulatorias ou outras consideracións alleas ás súas funcións,
- b) definirá o seu ámbito de responsabilidades e as responsabilidades do operador no medio mariño e do propietario no control dos riscos de accidente grave,
- c) establecerá unha política, un proceso e uns procedementos para a avaliación exhaustiva dos informes sobre os riscos graves e as comunicacións presentadas en virtude do artigo 7, así como a supervisión do cumprimento do disposto no Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, e neste real decreto, mesmo a través da inspección, a investigación e medidas de execución,
- d) porá a política, o proceso e os procedementos da letra c) á disposición dos operadores no medio mariño e propietarios e facilitará un resumo deles ao público;
- e) en caso necesario, preparará e aplicará procedementos coordinados ou conxuntos con outras autoridades doutros Estados membros co fin de exercer as súas funcións, e
- f) baseará a súa política, a súa organización e os seus procedementos operativos nos principios establecidos no anexo III deste real decreto.

2. Realizarase un seguimento das actividades da ACSOM e adoptaranse, se for o caso, todas as medidas necesarias para mellorar a eficacia no exercicio das súas funcións, establecidas no artigo 10 do Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro.

CAPÍTULO V

Plan externo de emerxencia

Artigo 16. *Plan externo de emerxencia.*

O plan externo de emerxencia a que fai referencia o artigo 13 do Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, elaborarao o Ministerio de Fomento de acordo co disposto nos anexos VII e VIII deste real decreto.

Neste plan externo describiranse as medidas que se van adoptar para alcanzar un nivel elevado de compatibilidade e interoperabilidade entre os equipamentos de resposta, e de intercambio de coñecementos especializados entre todos os Estados membros. Co obxecto de lograr unha maior coordinación, os equipamentos de resposta da industria ou, se for o caso, os servizos contratados de resposta, deben ser compatibles e interoperables nas rexións xeográficas concretas.

CAPÍTULO VI

Outras medidas

Artigo 17. *Preparación e resposta ante situacións de emerxencia.*

1. O órgano competente do Ministerio de Fomento manterá un rexistro electrónico dos equipamentos e servizos de resposta de emerxencia conforme o anexo VIII, punto 1, onde se terán en conta aqueles descritos nos plans internos de emerxencias, que estará á disposición dos outros Estados membros potencialmente afectados e da Comisión Europea e, sobre unha base de reciprocidade, dos terceiros países veciños.

2. A autoridade ou autoridades responsables da coordinación da resposta de emerxencia colaborarán na coordinación, co resto de Estados membros, das medidas de actuación relativas ás zonas situadas fóra da xurisdición da Unión Europea, co fin de previr os efectos negativos das operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño.

Artigo 18. *Plans anuais de supervisión.*

1. A ACSOM, xunto co Ministerio de Fomento no ámbito das súas competencias, realizará plans anuais de supervisión das instalacións, incluídas as destinadas e as non destinadas á produción, en particular mediante inspeccións das actividades que impliquen riscos de accidente grave, baseándose na xestión do risco e prestando atención particular á conformidade co informe sobre riscos de accidentes graves e o resto de documentos que serán presentados polo operador no medio mariño ou propietario, conforme o artigo 7.1 deste real decreto.

2. Estas inspeccións perseguirán a realización de exames planificados e sistemáticos da organización, dos equipamentos técnicos, dos modelos de xestión aplicados na instalación, con obxecto de demostrar, ao menos:

- a) que se puxeron en marcha todas aquelas medidas necesarias para previr accidentes graves,
- b) que se tomaron en consideración todas as medidas adecuadas para limitar as consecuencias de accidentes graves, tanto dentro como fóra da instalación,
- c) que os datos que foron facilitados no informe sobre riscos de accidentes graves e no resto de documentos reflicten fielmente o estado de seguridade das instalacións, e
- d) que se estableceron programas e se informou o persoal da instalación sobre as medidas de protección e actuación en caso de accidente.

Se nunha inspección se identificou un caso importante de incumprimento dos requisitos ou condicións establecidos neste real decreto, que pode derivar nun accidente grave, levarase a cabo outra inspección no prazo de seis meses co obxecto de confirmar a emenda das deficiencias identificadas.

3. Cando sexa posible e proceda, as inspeccións coordinaranse coas levadas a cabo conforme outras normas.

4. A eficacia dos plans será revisada de maneira periódica e incorporará as medidas necesarias para introducir melloras neles.

5. Os plans anuais de supervisión serán publicados pola ACSOM antes do 31 de decembro do ano previo e deberán conter, ao menos, a seguinte información:

- a) número de instalacións que serán supervisadas,
- b) número de inspeccións por instalación,
- c) obxectivos das inspeccións, e
- d) valoración xeral dos aspectos de seguridade relevantes.

Artigo 19. *Intercambio de información e transparencia.*

1. Os operadores no medio mariño e os propietarios facilitarán á ACSOM a información técnica e de seguridade que esta lles requira e, como mínimo, a información que se determina no anexo IX.

2. Esta información será facilitada atendendo ao modelo común establecido no anexo I do Regulamento de execución (UE) n.º 1112/2014 da Comisión, do 13 de outubro de 2014, polo que se determina un modelo común para o intercambio de información sobre indicadores de accidentes graves por parte dos operadores no medio mariño e propietarios de instalacións relativas ao petróleo e ao gas en mar aberto e un modelo común para a publicación da información sobre os indicadores de accidentes graves por parte dos Estados membros, ou a calquera disposición que o actualice ou substitúa. Para estes efectos, estes modelos serán facilitados na sede electrónica da ACSOM.

3. No caso de producirse un incidente ou accidente grave nas operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño, a ACSOM deberá ser informada inmediatamente e seralle remitida a documentación establecida no punto 2 do anexo IX nun prazo máximo de 10 días.

4. A ACSOM publicará e porá á disposición do público toda a información a que fai referencia o anexo IX deste real decreto.

5. A ACSOM publicará anualmente a través da súa sede electrónica, e non máis tarde do 1 de xuño do ano seguinte ao período correspondente, a información a que fai referencia o anexo II do regulamento de execución citado no número 2 do presente artigo. Así mesmo, a ACSOM deberá presentar anualmente esta información á Comisión Europea.

6. Se é o caso, os operadores no medio mariño ou propietarios deberán utilizar as ferramentas electrónicas ou telemáticas específicas que se poidan desenvolver co obxecto de levar a cabo o intercambio de información entre as distintas autoridades con competencias na materia.

7. En función do número de instalacións existentes, poderán non facerse públicos determinados datos se se considera que se pode vulnerar o segredo empresarial por desvelarse datos particulares das instalacións afectadas.

Artigo 20. *Investigación de accidentes graves.*

1. A ACSOM cooperará coa Comisión Permanente de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos (CIAIM, en diante), adscrita ao Ministerio de Fomento, para a investigación das causas técnicas dos accidentes e incidentes marítimos, na investigación de accidentes graves que fosen provocados por operacións relacionadas cos hidrocarburos no medio mariño, sempre que non presente indicios de delito, caso en que deberá aterse ás instrucións da autoridade xudicial.

2. Como resultado da investigación levada a cabo pola CIAIM, se é o caso, logo de autorización xudicial, a ACSOM elaborará un informe, un documento de síntese del e unha listaxe de recomendacións alcanzadas, que deberá ser aprobado pola citada Comisión Permanente de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos.

3. O documento de síntese será remitido pola ACSOM á Comisión Europea ao termo da investigación ou, se for o caso, ao termo dos procedementos xudiciais. Así mesmo, publicarase unha versión non confidencial das principais conclusións da investigación na súa sede electrónica.

4. A Comisión Permanente de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos, á vista das recomendacións do informe de investigación, determinará as medidas concretas que a ACSOM deberá adoptar dentro da súa competencia de actuación.

Artigo 21. *Comunicación confidencial de problemas de seguridade.*

A ACSOM habilitará na súa sede electrónica un mecanismo para a comunicación confidencial de situacións que afecten a seguridade e o ambiente en relación con operacións de investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño, calquera que sexa a súa orixe. Así mesmo, determinará un procedemento para investigar estas comunicacións conservando o anonimato das persoas que denunciaren tales situacións.

Artigo 22. *Consultas tripartitas.*

1. Establecerase un foro tripartito para a participación efectiva da ACSOM, dos operadores no medio mariño e propietarios, e dos representantes dos traballadores na formulación dos criterios e normas relativas á prevención dos accidentes graves.

As propostas normativas relativas á prevención de accidentes graves no medio mariño que poidan xurdir no seu seo elevaranse ao titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica para a súa aprobación ou modificación.

2. O dito foro estará integrado por representantes da ACSOM, da Administración xeral do Estado e das asociacións empresariais e sindicais máis representativas do sector. Poderá ser convocado por solicitude de calquera das partes e será presidido por un membro da ACSOM. Non obstante, poderase acordar entre as partes a frecuencia anual que, en todo caso, deberá ser suficiente para que o exame das cuestións se realice de forma apropiada.

3. O compromiso dos operadores no medio mariño, e dos propietarios, se for o caso, cos mecanismos de consulta tripartita poderá destacarse na política corporativa de prevención de accidentes graves.

Artigo 23. *Cooperación en materia de seguridade no medio mariño.*

1. AAC SOM participará no intercambio de mellores prácticas con outras autoridades competentes, ao menos, a través do Grupo de Autoridades da Unión Europea para as actividades en mar aberto do sector do petróleo e o gas (EUOAG), e consultará coa industria, con outras partes interesadas e coa Comisión Europea sobre a aplicación da normativa nacional e europea.

Este intercambio de mellores prácticas referirase, en particular, ao funcionamento das medidas de xestión de riscos, de prevención de accidentes graves, de verificación da conformidade e de resposta de emerxencia nas operacións no medio mariño realizadas dentro e fóra da Unión Europea.

2. Por solicitude da ACSOM, as empresas rexistradas en España que realicen, directamente ou a través das súas filiais, operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño fóra da Unión Europea, en calidade de titulares ou operadores no medio mariño, deberán informar das circunstancias dun accidente grave en que estivesen involucradas.

Na solicitude, a ACSOM especificará o contido da información requirida, que deberá ser remitida no prazo dun mes e conforme o disposto no artigo 19.2.

CAPÍTULO VII

Infraccións e sancións

Artigo 24. *Réxime sancionador.*

O incumprimento do establecido neste real decreto será cualificado e sancionado de conformidade co capítulo VI «Infraccións e sancións» do Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, polo que se establecen disposicións de seguridade na investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño.

Disposición adicional única. *Constitución da Autoridade Competente para a Seguridade das Operacións Mariñas en materia de hidrocarburos.*

1. Con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2020 o Goberno constituirá a Autoridade Competente para a Seguridade das Operacións Mariñas en materia de hidrocarburos, establecerá a súa natureza, composición e disposicións necesarias para a súa organización e funcionamento.

2. Para garantir a independencia e efectividade das súas actuacións, a ACSOM deberá contar cos medios materiais e humanos necesarios, para o que poderá subscribir acordos formais para a provisión de coñecementos técnicos especializados.

Os custos en que incorra a ACSOM no exercicio das súas funcións poderán financiarse mediante a creación de taxas de aceptación de informes sobre os riscos de accidentes graves, avaliación de comunicacións de operacións, autorización, supervisión, asesoramento, inspección e autorización administrativa.

Disposición transitoria primeira. *Instalacións e proxectos de investigación e explotación en activo.*

1. Os titulares e os operadores no medio mariño de concesións de explotación de xacementos e de almacenamentos subterráneos, e os titulares e os operadores no medio mariño de permisos de investigación de hidrocarburos, vixentes na data da entrada en vigor deste real decreto, así como os proxectos asociados a eles, cando comprendan áreas do medio mariño, deberán adaptarse ao disposto neste real decreto no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor.

Así mesmo, as instalacións existentes no medio mariño deberanse adaptar ás disposicións previstas neste real decreto no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor.

2. Sen prexuízo do anterior e en canto a ACSOM non acepte o informe sobre riscos de accidentes graves da instalación, os operadores no medio mariño poderán continuar coa operación normal desta, sempre e cando non varíen as condicións operativas existentes no momento de entrada en vigor deste real decreto nin se produza unha modificación substancial da instalación.

3. Os que teñan títulos demaniais vixentes no momento da entrada en vigor deste real decreto deberán presentar xustificación acreditativa de terse constituído a garantía a que fai referencia o artigo 4 deste real decreto nun prazo de seis meses contados a partir do día seguinte ao da súa entrada en vigor xunto coa xustificación do seu importe de acordo co previsto no dito artigo.

4. Naqueles permisos de investigación e concesións de explotación de xacementos ou almacenamentos subterráneos situados no medio mariño que se encontren vixentes na data de entrada en vigor deste real decreto, o operador designado en virtude do artigo 8.3 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, pasará a ser operador no medio mariño.

Disposición transitoria segunda. *Expedientes en tramitación.*

1. Os expedientes relativos a solicitudes de permisos de investigación e concesións de explotación de hidrocarburos no medio mariño que se encontren en tramitación na data de entrada en vigor deste real decreto estarán sometidos ao disposto nel, para o que o órgano instructor poderá requirir información e documentación adicional co obxecto de adaptar a solicitude ao previsto neste real decreto.

2. Por outro lado, naqueles traballos previstos no marco dun título demanial no medio mariño cuxa autorización se encontre en tramitación na data de entrada en vigor deste real decreto, deberase adaptar a súa solicitude ao previsto nel.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou menor rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do previsto nas regras 13.^a, 18.^a, 20.^a e 25.^a do artigo 149.1 da Constitución, que atribúen ao Estado competencia exclusiva sobre as seguintes materias: bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas, mariña mercante e bases de réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de normas do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto complétase a incorporación ao ordenamento xurídico español da Directiva 2013/30/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xuño de 2013, sobre a seguridade das operacións relativas ao petróleo e ao gas en mar aberto, e que modifica a Directiva 2004/35/CE, xunto co xa trasposto no Real decreto lei 16/2017,

do 17 de novembro, polo que se establecen disposicións de seguridade na investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 800/2011, do 10 de xuño, polo que se regula a investigación dos accidentes e incidentes marítimos e a Comisión Permanente de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos.*

O Real decreto 800/2011, do 10 de xuño, polo que se regula a investigación dos accidentes e incidentes marítimos e a Comisión Permanente de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos, modifícase como segue:

Un. Engádesse unha letra d) ao artigo 2.1, coa seguinte redacción:

«d) Afecten estruturas estacionarias fixas ou móbiles, ou unha combinación de estruturas permanentemente interconectadas por pontes ou outras estruturas, utilizadas para operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño ou en conexión con estas operacións localizadas nas augas interiores, o mar territorial, a zona económica exclusiva e a plataforma continental sobre os cales España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición conforme os tratados internacionais e a lexislación vixente.»

Dous. Suprímese a letra d) do artigo 2.2, que quedará redactado como segue:

«O presente real decreto non se aplicará aos accidentes e incidentes marítimos que só afecten:

a) Buques de guerra ou destinados ao transporte de tropas, ou outros buques pertencentes a un Estado membro ou explotados por el e utilizados exclusivamente con fins gobernamentais non comerciais;

b) Buques carentes de propulsión mecánica, buques de madeira e construción primitiva, así como iates e naves de recreo que non se utilicen para o comercio, a menos que estean ou vaian estar tripulados e leven ou vaian levar máis de 12 pasaxeiros con fins comerciais;

c) Buques de navegación interior utilizados en vías navegables interiores.»

Disposición derradeira cuarta. *Actualización de anexos.*

O titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica poderá actualizar e modificar o contido técnico dos anexos deste real decreto, mediante orde ministerial de acordo co progreso científico e técnico, ou para a súa adaptación ás normas da Unión Europea ou aos convenios ou acordos internacionais de que o Reino de España sexa parte.

Disposición derradeira quinta. *Non incremento de gasto.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de outubro de 2018.

FELIPE R.

A ministra para a Transición Ecolóxica,
TERESA RIBERA RODRÍGUEZ

ANEXO I

Información que se deberá incluír nos documentos presentados á ACSOM**1. Información que deberá incluírse na comunicación de deseño ou de relocalización dunha instalación destinada á produción**

A comunicación de deseño e de relocalización dunha instalación destinada á produción, que debe presentarse en virtude do artigo 7.1.c) e j), deberá conter ao menos a seguinte información:

- 1) identificación da concesión e do seu titular;
- 2) nome e enderezo do operador no medio mariño ou responsable da instalación e a localización xeorreferenciada dela;
- 3) descrición do proceso de deseño para as operacións e sistemas de produción, desde un proxecto inicial ao deseño presentado ou a selección dunha instalación existente, as normas pertinentes utilizadas, e os proxectos de deseño incluídos no proceso;
- 4) descrición do proxecto de deseño seleccionado para unha instalación concreta e a súa localización, en relación cos escenarios de risco grave e os elementos de control primario dos riscos;
- 5) demostración de que o proxecto contribúe a reducir os riscos de accidente grave até un nivel aceptable;
- 6) descrición da instalación e das condicións relativas á localización prevista;
- 7) descrición da instalación e das condicións existentes na localización prevista, incluídas as limitacións ambientais, meteorolóxicas e do fondo do mar para a seguridade das operacións, e identificación dos riscos derivados daqueles obstáculos existentes no mar e no fondo do mar, tales como os gasodutos, oleodutos e as ancoraxes das instalacións adxacentes;
- 8) descrición das operacións que comporten un risco grave que serán efectuadas;
- 9) descrición xeral do sistema de xestión da seguridade e do ambiente que será utilizado para manter, nun nivel suficientemente elevado, os controis previstos para facer fronte aos riscos de accidente grave;
- 10) descrición dos programas de verificación independente e unha lista inicial dos elementos críticos para a seguridade e o ambiente, así como do rendemento que se espera destes;
- 11) cando haxa que trasladar unha instalación de produción existente a unha nova localización de modo que sirva para unha operación de produción diferente, unha xustificación de que a instalación é adecuada para a operación de produción prevista; e
- 12) cando unha instalación non destinada á produción se transforme para o seu uso como instalación destinada á produción, unha xustificación que demostre que a instalación é adecuada para a dita transformación.

2. Información que se deberá incluír nun informe sobre riscos de accidentes graves para o funcionamento dunha instalación destinada á produción

Os informes sobre os riscos de accidentes graves para unha instalación destinada á produción de conformidade co artigo 8 deste real decreto e presentados en virtude do artigo 7.1.e), deberán conter, ao menos, a seguinte información:

- 1) unha descrición de como se tivo en conta a resposta da ACSOM á comunicación de deseño;
- 2) o nome e enderezo do operador no medio mariño ou do responsable da instalación;
- 3) un resumo da participación de todo traballador ou dos representantes destes na preparación do informe sobre riscos de accidentes graves;
- 4) unha descrición da instalación e de calquera asociación con outras instalacións ou infraestruturas conectadas, incluídos os pozos;

5) unha demostración de que se determinaron todos os riscos graves, a súa probabilidade e as súas consecuencias, incluídas as posibles restricións ambientais, meteorolóxicas e dos fondos mariños para a seguridade das operacións, e de que as medidas de control correspondentes, incluídos os elementos críticos de seguridade e ambientais asociados, son suficientes para reducir a un nivel aceptable os riscos de accidente grave; esta demostración debe incluír unha avaliación da eficacia da resposta ante derramamentos de hidrocarburos;

6) unha descrición dos tipos de operacións que se van executar susceptibles de xerar riscos de accidentes graves e o número máximo de persoas que pode encontrarse na instalación en todo momento;

7) unha descrición do equipamento e as medidas destinadas a garantir o control dos pozos, a seguridade do proceso, o illamento das substancias perigosas, a prevención de incendios e explosións, a protección dos traballadores contra as substancias perigosas e a protección do ambiente ante un accidente grave inminente;

8) unha descrición das medidas adoptadas para protexer as persoas presentes na instalación en caso de risco grave, e para garantir a súa seguridade durante o escape, evacuación e salvamento, así como as disposicións para o mantemento de sistemas de control destinados a evitar danos á instalación e ao ambiente no caso de que todo o persoal fose evacuado;

9) os códigos, as normas e as orientacións pertinentes utilizados na construción e a posta en funcionamento da instalación;

10) información sobre o sistema de xestión da seguridade e o ambiente do operador no medio mariño, pertinente para a instalación destinada á produción;

11) un plan interno de resposta de emerxencia ou unha descrición adecuada del;

12) descrición do programa de verificación independente;

13) calquera outra información pertinente, por exemplo, no caso de que dúas ou máis instalacións estean operando conxuntamente de tal maneira que afecte potencialmente os riscos de accidente grave dunha ou de todas as instalacións;

14) toda información pertinente en relación con outros requisitos deste real decreto e no Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, obtida de conformidade cos requisitos de prevención de accidentes graves establecidos no Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira;

15) respecto das operacións que se realicen desde a instalación, toda información relativa á prevención de accidentes graves que poidan causar danos importantes ou graves para o ambiente que sexa pertinente para efectos doutros requisitos impostos polo Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, e este real decreto, obtida de conformidade coa Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e

16) unha avaliación dos efectos ambientais potenciais identificados resultantes da perda de illamento de contaminantes procedentes dun accidente grave, e unha descrición das medidas técnicas e doutro tipo previstas para previlos, reducilos ou compensalos, incluídas as medidas de vixilancia.

3. *Información que se incluírá no informe sobre riscos de accidentes graves para unha instalación non destinada á produción*

Os informes sobre os riscos graves para unha instalación non destinada á produción preparados de conformidade co artigo 8 e presentados en virtude do artigo 7.1.e), deberán conter, ao menos, a seguinte información:

1) o nome e o enderezo do propietario;

2) un resumo da participación de todos os traballadores ou dos representantes destes, se for o caso, na preparación do informe sobre os riscos de accidentes graves;

3) unha descrición da instalación e, no caso dunha instalación móbil, descrición sobre os medios de que dispón para efectuar o seu desprazamento dun lugar a outro, e sobre o seu sistema de estacionamento;

4) unha descrición sobre os tipos de operacións que poidan efectuarse na instalación e que sexan susceptibles de xeraren riscos graves, así como o número máximo de persoas que poden estar presentes na instalación en todo momento;

5) unha proba de que se identificaron todos os riscos graves, de que se avaliou a súa probabilidade de ocorrencia e as súas consecuencias, incluídas as posibles restricións ambientais, meteorolóxicas e dos fondos mariños para a seguridade das operacións, e da adecuación das medidas de control correspondentes, incluídos os elementos críticos para seguridade e ambiente asociados, á hora de reducir a un nivel aceptable os riscos de accidente grave; esta proba debe incluír unha avaliación da eficacia da resposta ante os derramamentos de hidrocarburos;

6) unha descrición da planta e das medidas destinadas a garantir o control dos pozos, a seguridade do proceso, o confinamento das substancias perigosas, a prevención de incendios e explosións, a protección dos traballadores contra as substancias perigosas e a protección do ambiente ante un accidente grave;

7) unha descrición das medidas adoptadas para protexer as persoas presentes na instalación contra os riscos de accidente grave, para garantir o seu escape, evacuación e salvamento con seguridade e as medidas para o mantemento de sistemas de control destinados a previr danos á instalación e ao ambiente no suposto de que todo o persoal fose evacuado;

8) os códigos, normas e guías pertinentes utilizados na construción e a posta en funcionamento da instalación;

9) unha proba de que se identificaron todos os riscos graves en relación con todas as operacións que poden levarse a cabo na instalación e de que estes riscos se reduciron até un valor aceptable;

10) unha descrición de todas as limitacións ambientais, meteorolóxicas e relativas ao fondo mariño que pesen sobre a seguridade das operacións, e as disposicións que permitan determinar os riscos de accidentes graves que ameazan os fondos mariños e o medio mariño, tales como os gasodutos, oleodutos e as ancoraxes das instalacións adxacentes;

11) información sobre o sistema de xestión para a seguridade e do ambiente pertinente para a instalación non destinada á produción;

12) un exemplar ou unha descrición adecuada do plan interno de emerxencia;

13) unha descrición do programa de verificación independente;

14) calquera outra información pertinente, por exemplo, no caso de que dúas ou máis instalacións estean operando conxuntamente de tal maneira que afecte potencialmente os riscos de accidente grave dunha ou de todas as instalacións;

15) Respecto das operacións que se realicen desde a instalación, toda información obtida en virtude da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, relativa á prevención de accidentes graves que poidan causar danos importantes ou graves para o ambiente que sexa pertinente para efectos doutros requisitos impostos polo presente real decreto e no Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro e

16) Unha avaliación dos posibles efectos ambientais resultantes da perda de confinamento de substancias contaminantes en caso de accidente grave e unha descrición das medidas técnicas e de calquera outro tipo previstas para previlos, reducilos ou compensalos, incluídas as medidas de vixilancia.

4. Información que se deberá incluír nunha comunicación de operacións en pozos

A comunicación das operacións en pozos, preparada de conformidade co artigo 11 e presentada en virtude do artigo 7.1.h), deberá conter, ao menos, a seguinte información:

a) o nome e enderezo do operador no medio mariño do pozo;

b) o nome da instalación que vaia utilizarse e o nome e o enderezo do propietario, ou no caso dunha instalación destinada á produción, do contratista que realice as actividades de perforación;

c) información detallada que permita identificar o pozo e a súa relación coas instalacións ou infraestruturas conectadas;

d) información sobre o programa de traballo relativo ao pozo, en particular o seu período de operación, verificación das barreiras dispostas para facer fronte a unha perda de control do pozo (equipamentos, fluídos de perforación, cemento, etc. e a información detallada ao respecto), o control direccional da traxectoria da sondaxe e as limitacións da seguridade da operación en función da análise de riscos;

e) no caso dun pozo existente, información relativa ao seu historial e ao seu estado;

f) outros datos relativos aos equipamentos de seguridade que serán despregados e que non se describan no informe actual sobre os riscos de accidentes graves relativo á instalación;

g) unha avaliación de riscos que inclúa unha descrición dos seguintes elementos:

i. os riscos específicos asociados á operación do pozo, incluída calquera limitación ambiental, meteorolóxica e relativa ao fondo mariño que afecte a seguridade das operacións;

ii. os riscos subterráneos;

iii. toda operación de superficie ou submariña que poida xerar simultaneamente riscos graves potenciais;

iv. medidas de control adaptadas;

h) unha descrición sobre a configuración do pozo ao final das operacións, por exemplo, se será abandonado temporalmente ou definitivamente; e se se instalou equipamento de produción dentro do pozo para a súa utilización futura;

i) no caso dunha modificación dunha comunicación de operacións nun pozo presentada previamente, información suficiente para permitir a actualización completa da comunicación;

j) cando un pozo se vaia executar, modificar ou manter mediante unha instalación non destinada á produción, a información complementaria seguinte:

i. unha descrición sobre toda limitación ambiental, meteorolóxica e relativa ao fondo mariño que pese sobre a seguridade das operacións, e as disposicións que permitan determinar os riscos de accidentes que ameazan os fondos mariños e o medio mariño, tales como os gasodutos, oleodutos e os amarres de instalacións adxacentes;

ii. unha descrición sobre as condicións ambientais que se tiveron en conta no plan interno de resposta de emerxencia da instalación;

iii. unha descrición das disposicións relativas á resposta de emerxencia, en particular as disposicións de resposta en caso de incidentes ambientais, que non se describisen no informe sobre os riscos de accidentes graves, e

iv. unha descrición da forma en que se coordinarán os sistemas de xestión do operador no medio mariño do pozo e do propietario, a fin de garantir en todo momento un control efectivo dos riscos graves.

k) Un informe coas conclusións do exame independente do pozo, que inclúa unha declaración do operador no medio mariño despois de ter considerado o informe e as conclusións do verificador independente do pozo, de que a xestión do risco relativo ao deseño do pozo e as súas barreiras contra a perda do control son adecuadas en todas as condicións e circunstancias previstas;

l) Toda información pertinente en relación co presente real decreto e o Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, obtida de conformidade cos requisitos de prevención de accidentes graves do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira e

m) Respecto das operacións relacionadas co pozo que se vaian realizar, toda información pertinente relativa á prevención de accidentes graves que poidan causar danos importantes ou graves para o ambiente, de conformidade coa Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e de acordo co establecido no presente real decreto e no Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro.

5. Información que se deberá incluír no Programa de verificación independente

As descrições que deben presentarse en virtude do artigo 7.1.d), en relación cos programas de verificación independente establecidos conforme o artigo 13, incluírán os seguintes elementos:

a) unha declaración do operador no medio mariño ou do propietario, realizada tras ter tido en conta o informe do verificador independente, segundo a cal o inventario dos elementos críticos para a seguridade e o seu programa de mantemento especificados no informe sobre riscos de accidentes graves son ou serán adecuados;

b) unha descripción do programa de verificación na que se indiquen os verificadores independentes elixidos e os medios para verificar o bo estado dos elementos críticos para a seguridade e o ambiente e de toda unidade especificada no programa e

c) unha descripción dos medios de verificación a que se fai referencia na letra b), que deberá incluír información detallada dos principios que se aplicarán para levar a cabo as funcións do programa e para revisar o programa durante todo o ciclo de vida da instalación, a saber:

i. o exame e as probas dos elementos críticos para a seguridade e o ambiente realizados por verificadores independentes e competentes,

ii. a verificación do deseño, as normas, a certificación e outros sistemas de conformidade en relación cos elementos críticos para a seguridade e o ambiente,

iii. o exame dos traballos e operacións en curso,

iv. a comunicación dos casos de non conformidade,

v. as accións correctoras emprendidas polo operador no medio mariño ou o propietario, se é o caso.

6. Información que se deberá remitir en caso de modificación substancial dunha instalación, incluído o desmantelamento dunha instalación fixa

Cando se vaian realizar modificacións substanciais en instalacións ás cales se fai referencia no artigo 8.5, o informe modificado sobre os riscos graves que incorpore modificacións substanciais que deben presentarse en virtude do artigo 7. 1. f) deberá conter, como mínimo, a seguinte información:

a) o nome e o enderezo do operador no medio mariño ou do propietario;

b) un resumo da participación de todo traballador na preparación do informe revisado sobre os riscos de accidentes graves;

c) información suficiente para actualizar completamente o primeiro informe sobre riscos de accidentes graves e o plan interno de resposta de emerxencia correspondente á instalación; e para demostrar que os riscos de accidente grave se reduciron a un nivel aceptable e

d) no caso dunha instalación fixa destinada á produción que quede fóra de uso:

a. os medios utilizados para illar todas as substancias perigosas e, no caso de pozos conectados á instalación, os medios para garantir a selaxe permanente destes para protexer a instalación e o ambiente;

b. unha descripción dos riscos graves asociados ao desmantelamento da instalación para os traballadores e o ambiente, a poboación total exposta e as medidas de control dos riscos e

c. as disposicións en materia de resposta de emerxencia adoptadas para garantir a evacuación e o traslado do persoal de forma segura e para manter sistemas de control destinados a prever un accidente grave para o ambiente.

7. Información que se deberá remitir no caso dunha comunicación de operacións combinadas

A comunicación de operacións que se debe elaborar en virtude do artigo 12 e presentar en virtude do artigo 7, número 1, letra i), deberá conter, ao menos, a seguinte información:

- a) identificación do titular da concesión;
- b) o nome e o enderezo do operador no medio mariño que presenta a comunicación;
- c) nome e enderezo cando outros operadores no medio mariño ou propietarios participen nas operacións combinadas, xunto cunha declaración de conformidade co contido da comunicación;
- d) identificación das instalacións implicadas na operación combinada, así como de todas as empresas subcontratadas asociadas;
- e) un documento suscrito por todas as partes onde se realice unha descrición de como se coordinarán os sistemas de xestión das instalacións utilizadas na operación combinada, co fin de reducir os riscos de accidente grave a un nivel aceptable;
- f) descrición dos equipamentos que vaian utilizarse que non estean descritos no informe non actualizado sobre riscos de accidentes graves, en relación con todas as instalacións utilizadas nas operacións combinadas;
- g) un resumo da avaliación de riscos realizada por todos os operadores no medio mariño, e propietarios, se for o caso, que vaian intervir nas operacións combinadas, que incluírá, ao menos:
 - i. unha descrición de calquera operación realizada durante a operación combinada que poida implicar riscos susceptibles de provocar un accidente grave en calquera das instalacións;
 - ii. unha descrición de todas as medidas de control adoptadas como resultado da avaliación de riscos;
- h) unha descrición das operacións combinadas e do programa de traballo.

8. Información que deberá incluírse en relación coa política corporativa de prevención de accidentes graves

A política de prevención de accidentes graves aplicada pola empresa, que debe elaborarse de conformidade co artigo 14.1, e presentarse en virtude do artigo 7.1.a) conterá, entre outros, os seguintes elementos:

- a) a responsabilidade, a nivel de consello de administración da sociedade, de velar de forma constante por que a política corporativa de prevención sexa adecuada, se instaure e funcione segundo o previsto;
- b) medidas para fundar e manter unha sólida cultura de seguridade con elevadas probabilidades de manter en todo momento un funcionamento seguro;
- c) o grao e a intensidade da auditoría dos procesos;
- d) medidas de recompensa e recoñecemento dos comportamentos desexados;
- e) a avaliación das competencias e os obxectivos da empresa;
- f) medidas para manter as normas de seguridade e de protección do ambiente como valores fundamentais da empresa;
- g) os organigramas de toma de decisións e de control que impliquen a participación dos membros do consello de administración e dos altos directivos da empresa;
- h) un enfoque que reforce a selección e formación de persoal cualificado a todos os niveis e
- i) en que medida os elementos detallados nas letras a) a h) se aplican ás operacións da empresa relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño fóra da Unión Europea.

9. *Información que se deberá facilitar en relación co sistema de xestión da seguridade e o ambiente*

O sistema de xestión da seguridade e o ambiente que deberá implantarse de conformidade co artigo 14.3 incluírá, ao menos, os seguintes elementos:

- a) a estrutura organizativa e as funcións e responsabilidades do persoal;
- b) a determinación e a avaliación dos riscos de accidente grave (probabilidade e consecuencias);
- c) a integración do impacto ambiental nas avaliacións do risco de accidente grave incluídas no informe sobre riscos de accidentes graves;
- d) os controis de riscos de accidente grave durante as operacións normais;
- e) a xestión do cambio;
- f) a planificación de situacións de emerxencia e as medidas de resposta previstas;
- g) a limitación dos danos causados ao ambiente;
- h) o seguimento da efectividade da execución;
- i) os mecanismos de auditoría e revisión;
- j) as medidas dispostas para a participación en consultas tripartitas e o procedemento para pór en práctica as accións resultantes das ditas consultas e
- k) os medios ou procedementos técnicos que permitan a recompilación e o rexistro de datos das operacións e impidan a súa posible manipulación.

10. *Información que se deberá incluír nun plan interno de emerxencia dun operador no medio mariño*

Os plans internos de emerxencia a que se fai referencia no artigo 9 deberán incluír, ao menos:

- a) os nomes e os cargos das persoas autorizadas a pór en marcha os procedementos de resposta ante unha emerxencia e do responsable ou responsables que dirixirán a dita resposta;
- b) o nome e cargo da persoa responsable da coordinación coa autoridade ou autoridades responsables do plan externo de emerxencia;
- c) unha descrición de todas as situacións ou sucesos susceptibles de provocaren un accidente grave, tal como se describen no informe sobre riscos de accidentes graves ao cal se xunta o plan;
- d) unha descrición das medidas que se adoptarán á hora de controlar aquelas situacións ou eventos que poidan ocasionar un accidente grave e as medidas para limitar as súas consecuencias; deberase incluír unha descrición do procedemento de activación do plan interno de emerxencia sinalando os mecanismos de detección e alerta;
- e) unha descrición do equipamento e dos recursos dispoñibles, incluíndo os previstos para conter calquera posible derramamento de hidrocarburos, así como o programa de mantemento dos medios dispoñibles. Deberase indicar claramente que equipamentos son propiedade do operador no medio mariño e cales non, e identificar os responsables dos equipamentos de resposta;
- f) os mecanismos para limitar os riscos para as persoas e para o ambiente presentes na instalación, incluído o sistema de alerta e a conduta que debe adoptarse en caso de que sexa activada;
- g) no caso de operacións combinadas, mecanismos entre as instalacións afectadas para coordinar o escape, a evacuación e o salvamento co obxecto de garantir unha alta probabilidade de supervivencia das persoas presentes nas instalacións no caso de accidente grave;
- h) unha estimación da eficacia da resposta ante derramamentos de hidrocarburos. As condicións ambientais que deben considerarse nesta análise da resposta incluírán, ao menos, o seguinte:
 - i. as condicións meteorolóxicas: vento, visibilidade, precipitacións e temperatura,
 - ii. o estado do mar, as mareas e as correntes,

iii. a presenza de xeo e detritos,
iv. horas de luz natural, e
v. outras condicións ambientais coñecidas que poidan influír na eficiencia dos equipamentos de resposta ou na eficacia xeral do proceso de resposta;

i) os procedementos para alertar de maneira áxil sobre calquera accidente á autoridade ou autoridades responsables de pór en marcha o plan externo de emerxencia, o tipo de información que deberá facilitarse na alerta inicial e as medidas para facilitar información máis detallada a medida que se dispoña dela;

j) as decisións relativas á formación do persoal en relación coas funcións que debe desempeñar e, se for o caso, a súa coordinación cos responsables da resposta ante unha emerxencia a nivel externo; exercicios periódicos de simulación de activación do plan;

k) integración do plan con outros de nivel superior e medidas adoptadas co obxecto de coordinar as respostas internas e externas ante unha emerxencia incluíndo unha descrición das distintas competencias en caso de accidente marítimo;

l) resultados de anteriores avaliacións dos produtos químicos utilizados como dispersantes que se levasen a cabo para reducir ao mínimo as implicacións para a saúde pública e outros danos ambientais e

m) o procedemento de revisión do plan interior de emerxencia.

ANEXO II

Información que deberá ser remitida á ACSOM cando se leve a cabo unha operación en pozo no medio mariño

A información que se debe presentar á ACSOM de conformidade co artigo 11.4, deberá conter ao menos a seguinte información:

- 1) o nome e enderezo do operador no medio mariño do pozo;
- 2) o nome da instalación e o nome e o enderezo do operador no medio mariño ou do propietario;
- 3) información detallada que permita identificar o pozo e toda asociación con instalacións ou infraestruturas conectadas;
- 4) un resumo das operacións efectuadas desde o inicio das operacións ou desde o informe anterior;
- 5) o diámetro, a profundidade vertical verdadeira (TVD) e a profundidade medida (MD) de:
 - a. todo burato perforado,
 - b. todas as tubaxes instaladas;
- 6) a densidade dos fluídos de perforación no momento de elaborar o informe e
- 7) en caso de operacións relativas a un pozo existente, o seu estado operativo actual.

ANEXO III

Disposicións relativas ao funcionamento da ACSOM

1) A constitución da ACSOM, conforme o disposto no número 2 da disposición adicional primeira do Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro de 2017, comportará:

a) o establecemento das disposicións organizativas que permitan que as funcións asignadas á ACSOM se realicen de maneira efectiva, incluídas as disposicións para regular a seguridade e a protección do ambiente de forma equitativa; e

b) a elaboración dunha declaración da liña de actuación en que se describan os obxectivos en materia de vixilancia e de execución e a obrigação para a ACSOM de

garantir a transparencia, a coherencia, a proporcionalidade e a obxectividade das medidas adoptadas para regular as operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño.

2) Entre as medidas co obxecto de facer efectivas as disposicións citadas no punto 1 inclúense:

a) o financiamento de coñecemento experto especializado suficiente e dispoñible internamente ou mediante un acordo formal con terceiros, ou por ambas as vías, a fin de que a ACSOM poida controlar e levar a cabo as operacións, adoptar medidas de execución e tratar os informes sobre os riscos graves e as notificacións;

b) cando se recorra a competencias externas, o financiamento da preparación de orientacións escritas e un control suficiente para garantir a coherencia do enfoque adoptado e para asegurar que a ACSOM mantén a plena responsabilidade;

c) o financiamento da formación básica, a comunicación, o acceso ás tecnoloxías e os desprazamentos e estadías do persoal da ACSOM necesarios para o exercicio das súas funcións, e facilitar a cooperación activa entre as autoridades competentes;

d) en caso necesario, exixir aos operadores no medio mariño ou propietarios que reembolsen á ACSOM os gastos relativos ás funcións que esta exerce;

e) financiar e promover investigacións en virtude das funcións da ACSOM; e

f) proporcionar financiamento para que a ACSOM elabore informes.

3) Co fin de exercer as súas funcións de conformidade co artigo 10 do Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, a ACSOM adoptará as medidas para elaborar:

a) unha exposición escrita da súa estratexia, que describa as súas funcións, a súa organización, as súas prioridades de actuación (por exemplo, en termos de deseño e funcionamento das instalacións, de xestión da integridade, ou de preparación e resposta ante situacións de emerxencia);

b) os procedementos operativos que describan como ten previsto inspeccionar e facer executar as tarefas dos operadores no medio mariño e os propietarios e, en particular, a maneira en que tratará, avaliará e aceptará os informes sobre os riscos graves, tratará as notificacións de operacións nos pozos e determinará os intervalos entre as inspeccións das medidas de control dos riscos de accidente grave, en particular para o ambiente, en relación cunha instalación ou actividade dadas;

c) os procedementos para o exercicio das súas funcións sen prexuízo doutras responsabilidades, por exemplo, as operacións relacionadas coa investigación e explotación de hidrocarburos en terra, e as disposicións adoptadas de conformidade co Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira; e

d) cando a autoridade competente estea composta por máis dun organismo público, un acordo formal que estableza os mecanismos necesarios para unha xestión conxunta da autoridade competente, que inclúa as medidas adoptadas en materia de vixilancia, e de seguimento e de revisión a nivel dos responsables máximos da xestión, a planificación e a inspección conxunta, a repartición de responsabilidades para a xestión dos informes sobre riscos de accidente grave, a investigación conxunta, as comunicacións internas e os informes conxuntos que se deban publicar externamente.

4) A ACSOM velará por que, como mínimo, se presenten os seguintes elementos e por que os requisitos para a información seguinte queden claramente especificados nas orientacións dirixidas aos operadores no medio mariño e aos propietarios:

a) que se determinaron todos os riscos previsibles que sexan susceptibles de provocar un accidente grave, tamén respecto do ambiente, se avaliaron os seus riscos e se determinaron as medidas, incluídas as respostas de emerxencia para controlar os riscos;

b) que o sistema de xestión da seguridade e do ambiente se describiu adecuadamente para demostrar o cumprimento dos requisitos establecidos no Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, e neste real decreto;

c) que se describiron as disposicións necesarias para a verificación independente e para a auditoría por parte do operador no medio mariño ou propietario.

5) Ao efectuar unha avaliación exhaustiva dos informes sobre os riscos graves, as autoridades competentes deberán garantir que:

1) se proporcionou toda a información factual necesaria;

2) o operador no medio mariño ou o propietario determinou todos os riscos de accidente grave razoablemente previsibles que poden afectar as instalacións e as súas funcións, incluídos os posibles sucesos desencadeantes, e que a metodoloxía e os criterios de avaliación adoptados para a avaliación dos riscos de accidente grave están claramente explicados, incluídos os factores de incerteza nas análises;

3) as avaliacións dos riscos tiveron en conta todas as fases pertinentes do ciclo de vida da instalación e anticiparon todas as situacións previsibles, en particular:

i. a maneira en que as decisións relativas ao deseño descritas na notificación de deseño tiveron en conta a avaliación do risco, de modo que se incorporen os principios de seguridade e ambientais inherentes,

ii. a maneira en que vaian realizarse as operacións en pozos desde a instalación no curso da operación;

iii. a maneira en que vaian realizarse e suspenderse temporalmente as operacións en pozos antes de comezar a produción desde unha instalación de produción;

iv. a maneira en que vaian realizarse as operacións combinadas con outra instalación e

v. a maneira en que se levará a cabo o desmantelamento da instalación;

4) aplicaranse as medidas de redución de riscos determinados durante a avaliación de riscos, se procede, para reducir os riscos até un grao aceptable;

5) se, ao determinar as medidas necesarias para alcanzar niveis aceptables de risco, o operador no medio mariño demostrou claramente o modo en que se tiveron en conta as boas prácticas e apreciacións pertinentes baseadas en técnicas de enxeñaría sólidas, as prácticas de boa xestión, así como os principios relativos aos factores humanos e de organización;

6) se se determinaron e xustificaron claramente as medidas e as disposicións que permiten a detección dunha situación de emerxencia e unha resposta rápida e eficaz a esta;

7) a maneira en que as medidas e as disposicións de escape, evacuación e salvamento que permitan limitar o agravamento do incidente e reducir o seu impacto sobre o ambiente están integradas de forma lóxica e sistemática, tendo en conta as condicións de urxencia probables en que terán que aplicarse;

8) a maneira en que se incorporan os requisitos aos plans internos de emerxencia e se se presentou á autoridade competente unha copia ou unha descrición adecuada dos plans internos de resposta de emerxencia;

9) se o sistema de xestión da seguridade e o ambiente descrito no informe sobre os riscos de accidentes graves é adecuado para asegurar o control dos riscos de accidente grave en cada fase do ciclo de vida da instalación, se asegura o cumprimento de todas as disposicións legais pertinentes, e se prevé a auditoría e a aplicación das recomendacións da auditoría; e

10) se o programa de verificación independente está claramente explicado.

ANEXO IV**Disposicións que deben adoptar os operadores no medio mariño e os propietarios, se for o caso, para a prevención de accidentes graves, de conformidade co artigo 14**

1. Os operadores no medio mariño e os propietarios deberán, ao menos:
 - a. prestar unha atención particular á avaliación dos requisitos de fiabilidade e integridade de todos os sistemas críticos para a seguridade e para a protección do ambiente e establecer sistemas de inspección e de mantemento propios con vistas a alcanzar o nivel requirido de seguridade e de integridade para o ambiente;
 - b. adoptar as medidas apropiadas para asegurar, na medida do razoablemente posible, que non se produza ningún escape de substancias perigosas de gasodutos ou oleodutos, buques e daqueles sistemas utilizados para a súa contención de maneira segura. Ademais, os operadores no medio mariño e os propietarios, se for o caso, garantirán que ningún fallo dunha barreira de confinamento poida provocar un accidente grave;
 - c. elaborar un inventario dos equipamentos dispoñibles e dos seus propietarios, da súa localización, do seu transporte até a instalación e do modo de despregamento na instalación e dos suxeitos pertinentes á hora de aplicar o plan interno de emerxencia. O inventario deberá indicar as medidas adoptadas para garantir que os equipamentos e os procedementos están en condicións operativas en todo momento;
 - d. dispor dun marco adecuado para supervisar o cumprimento de todas as disposicións legais pertinentes, integrando nos seus procedementos operativos todas aquelas obrigacións legalmente establecidas en materia de control de riscos graves e de protección ambiental; e
 - e. instaurar e manter unha sólida cultura en materia de seguridade cunha elevada probabilidade de manter as operacións seguras, incluíndo aquelas medidas destinadas a garantir a cooperación cos traballadores, entre outras cousas:
 - i. mediante o compromiso manifesto de realizar consultas tripartitas e as conseguíntes medidas resultantes das ditas consultas,
 - ii. alentando e recompensando a comunicación de accidentes e case incidentes,
 - iii. traballando eficazmente cos representantes electos dos traballadores encargados das cuestións de seguridade e
 - iv. protexendo as persoas que comuniquen incidentes ou calquera tipo de risco.
2. A industria cooperará coa ACSOM e co resto de autoridades competentes para elaborar e aplicar un plan de acción prioritario para o establecemento de normas, orientacións e regras que permitan a utilización das mellores prácticas en materia de prevención de accidentes graves e de limitación das súas consecuencias, en caso de producirse.

ANEXO V**Selección do verificador independente e deseño do programa de verificación independente conforme o artigo 13**

1. O operador no medio mariño e o propietario, se for o caso, deberán velar polo cumprimento dos seguintes requisitos en relación coa independencia do verificador:
 - a. non exixir ao verificador independente examinar ningún aspecto dun elemento crítico para a seguridade e o ambiente, calquera parte dunha instalación, un pozo ou deseño de pozo, en que estivese implicado con anterioridade ao proceso de verificación, que poida comprometer a súa obxectividade; e
 - b. que sexa suficientemente independente dun sistema de xestión que exerza ou exercese unha responsabilidade en relación con calquera aspecto dun elemento previsto

polo programa de verificación independente ou de exame dun pozo, co fin de garantir a súa obxectividade no exercicio das súas funcións en virtude do programa.

2. O operador no medio mariño ou o propietario, se for o caso, velará polo cumprimento das seguintes condicións no que respecta ao programa de verificación independente relativo a unha instalación ou a un pozo:

a. o verificador independente posuirá unha competencia técnica adecuada, dun número suficiente de persoal debidamente cualificado e con experiencia acorde que cumpra os requisitos do punto 1 do presente anexo;

b. a designación por parte do verificador independente de persoal competente (cualificado) para realizar as diferentes tarefas comprendidas no programa de verificación independente;

c. realizarse un intercambio de información fluído entre o operador no medio mariño, ou o propietario, se for o caso, e o verificador independente;

d. o verificador independente terá poder suficiente para exercer as súas funcións de maneira eficaz.

3. Toda modificación substancial deberá ser comunicada ao verificador independente coa maior brevidade, para que este realice unha nova verificación de conformidade co programa de verificación independente, cuxos resultados deberán comunicarse á ACSOM.

ANEXO VI

Información sobre as prioridades para a cooperación entre os operadores no medio mariño e os propietarios e a ACSOM, de conformidade co artigo 14, número 5

Os elementos que deben considerarse no establecemento das prioridades para o desenvolvemento de normas e directrices deberán ter efectos prácticos na prevención de accidentes graves e na limitación das súas consecuencias. Entre as ditas cuestións figurarán as seguintes:

- a) mellorar a integridade do pozo, dos equipamentos de control e das barreiras de control dos pozos e o seguimento da súa eficacia;
- b) mellorar os confinamentos primarios;
- c) mellorar os confinamentos secundarios que impiden o agravamento dun accidente grave inminente, incluídas as erupcións de pozos;
- d) contar cun proceso de toma de decisións fiable;
- e) xestionar e supervisar as operacións que comporten riscos graves;
- f) dispor de persoas cualificadas nos postos de relevancia;
- g) garantir unha xestión de riscos efectiva;
- h) avaliar a fiabilidade dos sistemas críticos para a seguridade e o ambiente;
- i) dispor de indicadores clave de rendemento; e
- j) integrar de maneira efectiva os sistemas de xestión da seguridade e o ambiente entre os operadores no medio mariño e outras entidades participantes en operacións de investigación e explotación de hidrocarburos.

ANEXO VII

Información que deberá facilitarse nos plans externos de emerxencia, de conformidade co artigo 16

Os plans externos de emerxencia elaborados de conformidade co artigo 13 do Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, e do artigo 16 do presente real decreto incluírán, entre outras cousas:

- a) os nomes e os cargos das persoas autorizadas a iniciar os procedementos de emerxencia e das persoas encargadas de dirixir a resposta de emerxencia externa;

- b) descrición detallada dos mecanismos de resposta das alertas temperás de accidente grave, así como os procedementos establecidos en caso de alerta e de resposta de emerxencia;
- c) descrición detallada dos mecanismos de coordinación dos recursos necesarios para aplicar o plan externo de emerxencia;
- d) descrición detallada dos mecanismos dispoñibles para apoiar a resposta interna ante emerxencias;
- e) unha descrición detallada dos mecanismos de resposta de emerxencia externos dispoñibles;
- f) os medios establecidos para facilitar, ás persoas e suxeitos susceptibles de vérense afectados por un accidente grave, información e consellos adecuados relativos a este;
- g) os medios dispoñibles para facilitar información aos servizos de emerxencia doutros Estados membros e á Comisión Europea no caso de que se produza un accidente grave con posibles consecuencias transfronteirizas; e
- h) as medidas adoptadas para atenuar os efectos negativos na flora e na fauna silvestres terrestres e mariñas, en particular naquelas situacións en que os animais contaminados alcanzan as costas antes que os hidrocarburos derramados.

ANEXO VIII

Información detallada que deberá incluírse na elaboración dos plans externos de emerxencia, de conformidade co artigo 16

1. As autoridades responsables da coordinación da resposta de emerxencia deberán facilitar os seguintes elementos:

- a) un inventario dos equipamentos dispoñibles, dos seus propietarios, da súa localización, dos medios de transporte cara ao lugar do accidente grave e do modo de despregamento nel;
- b) unha descrición das medidas adoptadas para garantir que os equipamentos e os procedementos continúan funcionando correctamente;
- c) un inventario dos equipamentos que son propiedade da industria e que poden pórse á disposición en caso de emerxencia;
- d) unha descrición dos mecanismos xerais de reacción ante accidentes graves, en particular as competencias e as responsabilidades de todas as partes implicadas e dos organismos responsables de garantir a eficacia destes mecanismos;
- e) as medidas dirixidas a garantir que os equipamentos, o persoal e os procedementos estean dispoñibles e actualizados e que haxa suficientes membros do persoal adestrado dispoñibles en todo momento; e
- f) datos previos dos efectos sobre o ambiente e sobre a saúde dos produtos químicos que se prevexa utilizar como dispersantes.

2. Os plans externos de emerxencia explicarán claramente a función das autoridades, dos servizos de emerxencia, dos coordinadores e de toda persoa que interveña na resposta de emerxencia, co fin de garantir a cooperación en caso de resposta ante accidentes graves.

3. Os mecanismos deberán incluír, para o caso en que non se poida facer fronte a un accidente grave ou se este traspasa as fronteiras nacionais, disposicións que prevexan:

- a) a posta en común dos plans externos de emerxencia cos Estados membros limítrofes e coa Comisión Europea;
- b) a recompilación a nivel transfronteirizo de inventarios dos medios de resposta, propiedade tanto da industria como das autoridades públicas, e de todas as adaptacións necesarias para garantir a compatibilidade dos equipamentos e dos procedementos entre os Estados membros e os países limítrofes;
- c) os procedementos de recurso ao Mecanismo de Protección Civil da Unión; e
- d) a organización de exercicios transfronteirizos de resposta de emerxencia externa.

ANEXO IX

Intercambio de información e transparencia

1. O formato común para a comunicación de datos relativos aos indicadores de accidentes graves será o establecido polo Regulamento de execución (UE) n.º 1112/2014 da Comisión, do 13 de outubro de 2014, polo que se determina un modelo común para o intercambio de información sobre indicadores de accidentes graves por parte dos operadores no medio mariño e propietarios de instalacións relativas ao petróleo e ao gas en mar aberto e un modelo común para a publicación da información sobre os indicadores de accidentes graves por parte dos Estados membros, ou aquel que o substitúa.

2. A información que deberán intercambiar a ACSOM e os operadores no medio mariño, e propietarios se for o caso, incluirá, como mínimo, información relativa:

- a) a todo derramamento de petróleo, gas ou doutras substancias perigosas, inflamadas ou non;
- b) a toda perda de control dun pozo que requira a utilización de equipamentos de control do pozo, ou o fallo dunha barreira de contención de pozo que necesite a súa substitución ou reparación;
- c) a todo fallo dun elemento crítico para a seguridade e o ambiente;
- d) a toda perda de integridade estrutural significativa, ou toda degradación da protección ante as consecuencias xeradas por incendios ou explosións, ou todo desprazamento involuntario en relación cunha instalación móbil;
- e) aos buques que estean a punto de colidir e as colisións producidas entre buques e instalacións no medio mariño;
- f) aos accidentes de helicóptero ocorridos sobre as instalacións no medio mariño ou nas súas proximidades;
- g) a todo accidente mortal;
- h) a toda ferida grave causada a cinco ou máis persoas ocasionada por un mesmo accidente;
- i) a calquera evacuación de emerxencia non prevista dunha parte ou todo o persoal como consecuencia dun accidente grave ou cando exista un risco significativo de que se produza un accidente grave; e
- j) a todo incidente grave para o ambiente.

3. A información a que se fai referencia no punto 2 conterá información baseada en feitos e datos analíticos relativos ás operacións relativas á investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño e deberá ser inequívoca. Esta información e os datos facilitados deberán permitir comparar os resultados dos operadores no medio mariño e propietarios e comparalos cos resultados do sector en xeral.

4. A información recollida e reunida determinada no punto 2 deberá permitir lanzar unha alerta anticipada en caso de potencial deterioración das barreiras críticas para a seguridade e o ambiente, así como adopción de accións preventivas. Así mesmo, a información deberá demostrar a eficacia global das medidas e dos controis aplicados polos operadores no medio mariño de maneira individual e os propietarios e a industria en xeral, en particular para prever os accidentes graves e para reducir ao nivel máis baixo razoablemente posible os riscos para o ambiente.

ANEXO X

Declaración responsable que se debe cubrir en virtude do disposto no artigo 3.1.d)

(Nome da sociedade), sociedade de nacionalidade (nacionalidade da sociedade), con domicilio social (endereço do domicilio social) e, no seu nome e representación (nome do representante), maior de idade, con documento nacional de identificación número (tipo de identificación e número), en calidade de (indíquese que está habilitado para representar a empresa) que fai uso das facultades que lle foron conferidas mediante poder (referencia

aos poderes outorgados), debidamente apostilado conforme o Convenio da Haia do 5 de outubro de 1961 (elimínese en caso de non necesitar apostila), manifesta que a dita entidade (selecciónese a opción adecuada):

- conta coa capacidade económica e financeira necesaria para cumprir con plena eficacia as obrigacións derivadas dos permisos de investigación de hidrocarburos e concesións de explotación que poidan serlle outorgados ou transferidos, e asumir as responsabilidades derivadas (...)

- dotará da necesaria capacidade económica e financeira a sociedade participada (nome da sociedade participada solicitante do título demanial), e responderá economicamente de forma solidaria, co fin de que cumpra con plena eficacia as obrigacións derivadas dos permisos de investigación de hidrocarburos e concesións de explotación que poidan serlle outorgados ou transferidos, e asumir as responsabilidades derivadas (...)

(...) en virtude da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e a súa normativa de desenvolvemento; a Lei 8/2015, do 21 de maio, pola que se modifica a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e pola que se regulan determinadas medidas tributarias e non tributarias en relación coa exploración, investigación e explotación de hidrocarburos; e o Real decreto lei 16/2017, do 17 de novembro, polo que se establecen disposicións de seguridade na investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño e a súa normativa de desenvolvemento.

Así mesmo, manifesta que se encontra en disposición de acreditar o cumprimento dos ditos requisitos, en calquera momento, por requirimento da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e que se compromete a manter o dito cumprimento durante o período de tempo inherente ao exercicio da actividade de investigación e explotación de hidrocarburos no medio mariño.

En (lugar de sinatura), o (día, mes e ano)

Por (nome da sociedade)

Asdo.: (nome do representante e sinatura)